

MAREAS ABERTAS:

RUMBO Á ACCESIBILIDADE NO TURISMO MARÍTIMO-PESQUEIRO EN GALICIA

Iria Caamaño Franco
Antonia Pérez-García



ACDMAR

LABORATORIO INCLUSIVO DO
PATRIMONIO CULTURAL MARÍTIMO PESQUEIRO

MAREAS ABERTAS

RUMBO Á ACCESIBILIDADE NO TURISMO MARÍTIMO-PESQUEIRO EN GALICIA

Iria Caamaño Franco
Antonia Pérez-García



ACDMAR

LABORATORIO INCLUSIVO DO
PATRIMONIO CULTURAL MARÍTIMO PESQUEIRO



Título original: *Mareas abertas. Rumbo á accesibilidade no turismo marítimo-pesqueiro en Galicia*

1ª Edición: 2025

© Texto: Iria Caamaño Franco y Antonia Pérez-García

© Fotografías: Iria Caamaño Franco y Antonia Pérez-García

Colaborador: Sergio Muíño Freire

Deseño e maquetación: Glaux, Publicaciones Académicas

ISBN: 978-84-127425-7-2

Legal Dep.: VG-662-2025

Impresión: Artes Gráficas Jadfel

Impreso en España

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social.

ÍNDICE

Capítulo 1

INTRODUCCIÓN	9
---------------------	----------

Capítulo 2

CONTEXTUALIZACIÓN DO TURISMO ACCESIBLE	21
2.1. Definición, clasificación e evolución do turismo accesible	21
2.1.1. Debate sobre as diversas definicións en torno ao turismo accesible	21
2.1.2. Clasificación das diferentes tipoloxías de discapacidade	28
2.1.3. Evolución da atención xeral á discapacidade e do turismo accesible nos casos de España e Galicia	32
2.1.3.1. España	33
2.1.3.2. Galicia	36
2.2. Resumo da normativa en materia de accesibilidade	39
2.3. Adaptacións e atención persoal a turistas con discapacidades	47
2.4. Turismo mariñeiro-pesqueiro en Galicia e as súas oportunidades no emprendemento accesible	52

Capítulo 3

METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN	67
3.1. Deseño da metodoloxía de investigación	68
3.2. Selección de casos de estudo e deseño das variables de análise	70

Capítulo 4

CASOS DE ÉXITO EN EMPRENDEMENTO ACCESIBLE NO EIDO DO TURISMO MARÍTIMO-PESQUEIRO	73
4.1. Casos A: Emprendemento accesible en turismo mariñeiro	78
4.2. Casos B: Iniciativas accesibles en centros de interpretación	81
4.3. Casos C: Roteiros accesibles para turistas con diversidade funcional	83

Capítulo 5

PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS GAÑADORAS DO PROXECTO MARCO ACD_MAR	87
5.1. Proposta Primeiro Premio: “Mar aberto”	87
5.1.1. Descrición da idea	88
5.1.2. Retos e obxectivos	90
5.1.3. Beneficiarios	90
5.1.4. Canles de comunicación cos beneficiarios	91
5.1.5. Proceso de posta en marcha	91
5.1.6. Motivacións do equipo promotor	92
5.2. Proposta Segundo Premio: “O camiño da lúa”	93
5.2.1. Descrición da idea	93
5.2.2. Retos e obxectivos	94
5.2.3. Beneficiarios	94
5.2.4. Canles de comunicación cos beneficiarios	95
5.2.5. Proceso de posta en marcha	95
5.2.6. Motivacións do equipo promotor	96
5.3. Proposta Terceiro Premio: “Un mar sen barreiras”	96
5.3.1. Descrición da idea	97
5.3.2. Retos e obxectivos	97
5.3.3. Beneficiarios	97
5.3.4. Canles de comunicación cos beneficiarios	98
5.3.5. Proceso de posta en marcha	98
5.3.6. Motivacións do equipo promotor	99

Capítulo 6

CONCLUSIÓN E PERSPECTIVAS FUTURAS	101
6.1. Principais conclusións da investigación	101
6.2. Futuras liñas de investigación	103
BIBLIOGRAFÍA	107
ANEXOS	119

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1	Infografía das fases do laboratorio ACD_MAR e actividades	11
Figura 2	Propostas premiadas no marco do laboratorio ACD_MAR	20
Figura 3	Evolución da atención xeral á discapacidade e do turismo accesible en España	35
Figura 4	Evolución da atención xeral á discapacidade e do turismo accesible en Galicia	39
Figura 5	Cadea de accesibilidade para persoas dependentes	48
Figura 6	Adaptacións, segundo as fases da experiencia turística	49
Figura 7	Mapa de xeodestinos e patrimonio industrial mariñeiro	57
Figura 8	Melloras nas etapas do Camiño	75
Figura 9	Melloras nos puntos de interese turístico	75

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1	Calendario de charlas en centros de formación turística	12
Táboa 2	Tipos de discapacidades	30
Táboa 3	Evolución da normativa que foi aprobada ao longo do tempo en materia de accesibilidade xeral e específica en turismo accesible	40
Táboa 4	Tipo de problemáticas de accesibilidade, segundo os recursos turísticos	45
Táboa 5	Resumo da evolución da lexislación aplicada en Galicia	46
Táboa 6	Fases e metodoloxía do traballo de investigación dos casos e do proxecto marco ACD_MAR	68
Táboa 7	Mostraxe de casos seleccionados para o estudo	71
Táboa 8	Detalle da proposta “Mar Aberto”	87
Táboa 9	Detalle da proposta “O camiño da lúa”	93
Táboa 10	Detalle da proposta “Un mar sen barreiras”	96

ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo I.	Ficha de avaliación de recurso ACD_MAR	119
Anexo II.	Ficha de avaliación detallada da accesibilidade	122
Anexo III.	Ficha de avaliación de materiais (web, vídeo, folletos)	129
Anexo IV.	Ficha de avaliación de restauración e hostalaría	133
Anexo V.	Ficha de proposta de laboratorio	136
Anexo VI.	Bases de participación	141

Capítulo 1

INTRODUCCIÓN

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS, 7 de marzo de 2023), estímase que 1.300 millóns de persoas, arredor do 16% da poboación mundial, presentan un alto grao de discapacidade. A propia OMS advirte que esta cifra está en aumento debido tanto ao crecemento das enfermidades non transmisibles como ao progresivo alongamento da esperanza de vida, conformando un colectivo moi diverso en necesidades e realidades. Nesta liña, a Organización das Nacións Unidas (ONU, s.d.) sinala que a tendencia de envellecemento da poboación mundial, medida polo aumento da porcentaxe de poboación de máis de 65 anos, avanza a un ritmo acelerado, prevéndose que no ano 2050 acade tamén un 16% do total. As proxeccións demográficas indican que máis da metade das defuncións rexistradas no mundo se producirán en persoas de 80 anos ou máis, polo que a mediados da década de 2030 haberá máis xente maior de 80 anos que nenos menores dun ano (ONU, xullo 2024). Ante este escenario, a ONU Turismo (s.d.) fai fincapé na urxencia de garantir un acceso universal ás infraestruturas, produtos e servizos turísticos baixo criterios de responsabilidade e sustentabilidade. Así, a accesibilidade non se limita a ser un dereito humano fundamental, senón que constitúe tamén unha oportunidade estratéxica de desenvolvemento económico e permite aos destinos e ás empresas acoller a todas as persoas visitantes en igualdade de condicións, mellorar a súa competitividade e incrementar os ingresos derivados da actividade turística.


No contexto galego, este desafío adquire unha dimensión específica no ámbito do turismo marítimo-pesqueiro. A riqueza do patrimonio cultural vinculado ao mar, xunto coa singularidade das

paisaxes costeiras, ofrece un potencial extraordinario para deseñar experiencias plenamente accesibles que, ao tempo que garantan a inclusión de todos os públicos, contribúan á diversificación económica, á revitalización das comunidades litorais e á proxección internacional de Galicia como destino sostible e integrador.

Porén, FUNDAMAR, AMICOS e a Universidade da Coruña, coñecedoras e sensibilizadas con esta realidade, impulsan no ano 2024 un proxecto pioneiro: un laboratorio para o fomento da accesibilidade e inclusión de persoas con discapacidade na promoción do patrimonio cultural marítimo pesqueiro que involucra activamente aos futuros profesionais do sector turístico, ao sector pesqueiro e marítimo e ás persoas con discapacidade.

O nome do proxecto é [ACD_MAR, Laboratorio inclusivo do patrimonio marítimo pesqueiro](#), e conta co apoio da Rede Eusumo, rede galega de promoción da economía social impulsada pola Xunta de Galicia que contribúe ao impulso e consolidación de iniciativas baseadas na cooperación, a responsabilidade social e a sustentabilidade. Cómpre sinalar que o proxecto se estruturou en catro fases sucesivas, que se detallan a continuación e que permitiron articular unha metodoloxía participativa e interdisciplinaria, que buscou poñer en diálogo estudantes e profesionais neurotípicos con persoas con discapacidade, co fin de identificar retos e propoñer solucións innovadoras. O desenvolvemento das accións planificadas abrangueu o período 2024-2025, estruturándose nun cronograma detallado que contemplou fases de creación, experimentación, implementación e avaliación (Figura 1).

Figura 1 Infografía das fases do laboratorio ACD_MAR e actividades



1ª Fase: Creación do laboratorio: deseño das ferramentas de investigación: fichas de avaliación e protocolos de accesibilidade.

O traballo da primeira fase centrouse especificamente no deseño de ideas orientadas á eliminación de barreiras e á creación de experiencias culturais accesibles en contornas pesqueiras, abrangendo todas as fases do proceso cultural: desde a chegada ao recurso ata a interpretación patrimonial. Non obstante, recoñeceu-se que, por limitacións de recursos e tempo, o proxecto puxo o foco primordialmente na accesibilidade como paso imprescindible para avanzar cara a unha inclusión plena e sostida no tempo.

Así, ao abeiro desta iniciativa desenvolvéronse múltiples accións, entre as que salientan as saídas de campo e conferencias co alumnado de diferentes centros de formación en turismo (Táboa 1), concibidas como un exercicio de aprendizaxe experiencial e tamén de captación de alumnado coa finalidade de identificar persoas interesadas en desenvolver un traballo en liña cos obxectivos do proxecto. Para iso, ofreceuse formación e asesoramento por parte das organizacións participantes (FUNDAMAR, AMICOS e UDC), así como a posibilidade de que as súas propostas poidesen ser materializadas, no caso de resultar seleccionadas.

Táboa 1 *Calendario de charlas en centros de formación turística*

Actividade	Centro	Día e hora
A1.1 Charlas en centros de formación turística (4 UD)	UVigo – Facultade de Turismo. 2º de Turismo	Xoves 17 de outubro - 10h00
	CIFP A Farixa - 1º Curso de Guía	Xoves 17 de outubro - 12h30
	UDC – Facultade de Turismo. 3º de Turismo	Martes 22 de outubro - 10h30
		Martes 22 de outubro - 16h00
	CIFP Carlos Oroza	Luns 18 de novembro - 13h00

A partir de aquí, o alumnado empezou a traballar orientados e apoiados polos seus titores docentes na formulación de propostas de mellora da accesibilidade, integrando os principios e valores da economía social. O programa desta fase inicial incorporou contidos como a introdución á economía social e ao papel estratéxico da accesibilidade; a presentación do proxecto marco ACD_MAR; a exposición das entidades de economía social e industrias culturais participantes; e un módulo específico sobre tipos de discapacidade e apoios necesarios para garantir a plena participación. O enfoque formativo desta fase revelou a importancia de combinar coñecementos teóricos, sensibilización práctica e recursos metodolóxicos que permitisen ao alumnado integrar a perspectiva inclusiva desde o inicio do proceso creativo (Foto 1).

Foto 1 Charla na Facultade de Turismo da Universidade da Coruña



Para acadar estes obxectivos empregáronse instrumentos de análise e avaliación especificamente deseñados para contornas turísticas e culturais, tales como fichas de campo de observación adaptadas a restaurantes, establecementos de hostalaría e museos e análise de contido de materiais audiovisuais (Anexos 1, 2, 3, 4 e 5). A metodoloxía adoptada baseouse nos principios do

deseño universal, que garantiron a comprensibilidade, usabilidade e seguridade para todas as persoas, e sustentouse nunha colaboración interdisciplinaria que integrou profesorado universitario e de ciclos formativos, alumnado, profesionais do turismo e entidades do terceiro sector.

O proxecto ACD_MAR estivo dirixido a un amplo espectro de destinatarios/as, entre os/as que destacaron persoas con discapacidade intelectual, física, sensorial ou psíquica, en particular as usuarias de AMICOS e doutras entidades do ámbito social (Foto 2).

Foto 2 Encontros entre alumnado con entidades de persoas con discapacidade UDC - Facultade de Turismo. 3º de Turismo, MUROS 25/10/2024



Así mesmo, participaron comunidades locais estreitamente vinculadas co mar e cos sectores pesqueiro e turístico: Asociación Balandro Joaquín Vieta, Autoridade Portuaria da Coruña, Albarari e Barco Ocean Falcon, Estaleiro Francisco Fra, Aquarium da Coruña, entre outros (Foto 3).

Foto 3 Visita estaleiro San Ciprian (Outes)



2ª Fase: Presentación e selección de ideas: implicación de alumnado universitario e de ciclos formativos, colectivos e profesionais para propoñer solucións innovadoras.

No proxecto participaron alumnado das facultades de Turismo da UDC e da UVigo, así como alumnado do ciclo de guías do CIFP Carlos Oroza de Pontevedra e o CIFP a Farixa de Ourense.

Unha vez formuladas as propostas, organizáronse encontros de avaliación das solucións de accesibilidade propostas nas que se avaliou o grao de éxito acadado coas iniciativas presentadas.

A participación directa de persoas con discapacidade como usuarias dos servizos culturais optimizados foi un elemento central, xa que permitiu contrastar a pertinencia das medidas e identificar melloras. O programa desta fase de avaliación incluíu a análise da accesibilidade por parte de todas as persoas participantes, convertendo a experiencia nun exercicio colectivo de co-creación e aprendizaxe compartida.

Nesta fase constituíuse tamén un comité avaliador multidisciplinar (docentes da Facultade de Arquitectura da Universidade da Coruña, representantes da economía social, e de AMICOS) que foi o que seleccionou as tres propostas gañadoras das 12 presentadas. Entre os diversos criterios de avaliación destaca que tiveran en conta criterios de accesibilidade, impacto, funcionalidade, sostibilidade e a presentación dos resultados. Concedeuse especial relevancia ao emprendemento particularmente ao liderado por mulleres e por persoas menores de 30 anos. Cómpre sinalar que, por razóns de recursos e tempo, o proxecto pon o foco na accesibilidade máis que na inclusividade, entendendo a accesibilidade como paso imprescindible para avanzar cara a unha inclusión plena.

Na etapa final seleccionáronse tres propostas gañadoras, que pasaron ás fases posteriores de implementación e avaliación, incluíndo o estudo da súa viabilidade. Os resultados desta primeira parte do laboratorio presentáronse no Congreso Internacional de Socioloxía e Antropoloxía do Turismo (SOCANTUR), nun stand que estivo do 11 ao 13 de xuño de 2025 (Foto 4).

3ª Fase: Implementación e avaliación das propostas: posta en práctica das propostas seleccionadas en contornas reais, con participación directa de persoas con discapacidade.

Posteriormente, estas ideas pasaron á fase de implementación e avaliación, co obxectivo de estudar a súa viabilidade técnica, social e económica. A fase de implementación concreouse en visitas formativas específicas durante o mes de setembro e outubro

Foto 4 Stand divulgativo en SOCANTUR 2025



de 2025 para acompañar a posta en práctica das ideas gañadoras nas entidades de economía social que serviran como casos de estudo. O programa desta etapa incluíu a fabricación das solucións de accesibilidade, así como a formación necesaria para a súa correcta aplicación nas entidades culturais e turísticas vinculadas ao mar. Esta dimensión práctica constituíu unha ponte entre a aprendizaxe académica e a realidade profesional, consolidando a accesibilidade como criterio transversal no deseño de produtos e servizos (Foto 5, 6 e 7).

Foto 5 Experiencia "Mar Aberto" en A Mariña



Foto 6 Experiencia “Camiño da Lúa” no Aquarium



Nota Museos Científicos A Coruña

Foto 7 Visita “Mar sen Barreiras” Porto da Coruña



Fase 4: Transferencia de coñecemento: difusión dos resultados a través do V Congreso Internacional SOCANTUR, publicacións, materiais divulgativos e actividades formativas.

Cómpre subliñar que, máis aló da vertente operativa, o proxecto deu lugar á xeración de coñecemento científico e divulgativo. Neste sentido, produciuse a presente publicación sobre emprendemento en turismo mariñeiro accesible, que se inscribe na vocación de transferibilidade do proxecto. Así, a investigación desenvolvida no marco de ACD_MAR responde á necesidade de combinar aproximacións teóricas e metodoloxías aplicadas, coa finalidade de identificar, avaliar e propoñer solucións innovadoras que integren os principios da economía social, a sustentabilidade e a inclusión. Ao documentar as boas prácticas e retos detectados, o proxecto contribúe á formulación de criterios replicables noutros territorios costeiros, consolidando a accesibilidade como eixo central das políticas e estratexias de desenvolvemento turístico.

Os obxectivos de traballo deste proxecto estruturáronse nun obxectivo xeral —analizar e documentar, desde unha perspectiva interdisciplinar, as boas prácticas, retos e oportunidades asociados á accesibilidade no turismo mariñeiro galego— e en varios obxectivos específicos: identificar o estado actual da accesibilidade nas iniciativas de promoción do patrimonio marítimo-pesqueiro; examinar o papel das entidades de economía social como axentes dinamizadores; presentar as propostas desenvolvidas polo alumnado e profesionais en termos de viabilidade e capacidade de transformación; e contribuír á visibilización da accesibilidade como valor estratéxico, tanto desde a perspectiva dos dereitos humanos como desde o seu potencial, para o desenvolvemento turístico e a innovación social.

Ademais, as propostas gañadoras foron presentadas en escenarios académicos e profesionais de alto nivel, como o V Congreso Internacional de Socioloxía e Antropoloxía do Turismo (SOCANTUR, 2025, A Coruña). Neste marco, tamén se explorou a colaboración co proxecto europeo SeaLabHaus (Interreg Atlantic

Area 2021-2027), co propósito de dar maior difusión internacional a ACD_MAR e as propostas gañadoras.

En termos de impacto, constatouse que o proxecto contribuíu de maneira substancial ao avance da accesibilidade universal no turismo marítimo-pesqueiro, xerando boas prácticas susceptibles de seren transferidas a outros contextos territoriais e sectoriais. Así mesmo, reforzou a visibilidade social e cultural das persoas con discapacidade, favoreceu a cohesión comunitaria e impulsou a sustentabilidade mediante a valorización do patrimonio mariñeiro como recurso estratéxico.

En suma, ACD_MAR consolidouse como unha iniciativa pioneira en Galicia que, a través dun proceso rigoroso de formación, participación e experimentación, conseguiu articular un laboratorio de ideas e prácticas en materia de accesibilidade turística. A súa relevancia reside non só nos resultados inmediatos, senón na capacidade de abrir camiños para unha nova concepción do turismo cultural mariñeiro, inclusivo e baseado nos principios da economía social, con vocación de transferibilidade a outros contextos europeos e internacionais.

Figura 2 *Propostas premiadas no marco do laboratorio ACD_MAR*

Iniciativas gañadoras



1º premio - Mar Aberto
Rutas accesible na Mariña Lucense

- Accesibilidade universal a través da creación de pictogramas, maquetas 3D, sinalización táctil, audioguías multisensoriais, mochilas sensoriais, cordas-guía para persoas cegas, formación de guías locais.



2º premio - O camiño da lúa
Escape room accesible no Aquarium Finisterrae (A Coruña)

- Investigación en boas prácticas para TEA e TDAH, deseño narrativo do escape room, melloras de accesibilidade no Aquarium, creación de materiais multisensoriais, formación de persoal local.



3º premio - Un mar sen barreiras
Ruta accesible no Porto da Coruña

- Crear un modelo integral de turismo mariñeiro accesible, neste caso na lonxa e porto da Coruña. Evaluando a accesibilidade dos recursos, promovendo un selo de calidade e adaptando os materiais divulgativos.

Capítulo 2

CONTEXTUALIZACIÓN DO TURISMO ACCESIBLE

2.1. Definición, clasificación e evolución do turismo accesible

En primeiro lugar, é necesario establecer diferenzas conceptuais entre os diversos termos e os seus significados relacionados co turismo accesible, para comprender, nun segundo lugar, a súa dinámica e evolución na liña temporal.

2.1.1. Debate sobre as diversas definicións en torno ao turismo accesible

Vivimos nun momento no que o turismo é recoñecido, tanto polas institucións internacionais como pola literatura científica, como un dereito humano fundamental e unha ferramenta de cohesión social (OMT, 2014). Sen embargo, aínda así as prácticas turísticas non sempre teñen en conta a diversidade das persoas, reproducindo dinámicas de exclusión que limitan a participación de colectivos con discapacidade ou necesidades especiais de acceso. Esta realidade maniféstase tamén no ámbito do turismo cultural e mariñeiro, onde a posta en valor do patrimonio material e inmaterial adoita centrarse máis na conservación ou na rendibilidade económica que na inclusión efectiva de toda a cidadanía.

Neste contexto, este traballo baseouse nun proxecto do fomento da accesibilidade dos recursos turísticos mariñeiros. Porén,

hai que comezar establecendo a diferenza entre os conceptos de accesibilidade e inclusividade, aínda que a propia literatura evidencia que estes termos son empregados como sinónimos por institucións, profesionais, académicos e investigadores (Correa et al., 2020; Arias, 2023). Por exemplo, estes autores, entre outros, consideran que non existen diferenzas substanciais de significado e contido entre estes conceptos, usándoos de forma indistinta nos seus traballos mais neste traballo, desde o punto de vista analítico, parece necesario delimitar con claridade ambos conceptos.

O certo é que o concepto de *turismo inclusivo* vai máis alá, tanto no contido como no seu alcance. Supón unha visión integradora que procura que todas as persoas poidan gozar de experiencias turísticas en condicións de igualdade, independentemente das súas capacidades. Trátase, polo tanto, dun turismo transformador, no cal os grupos tradicionalmente marxinados participan como usuarios, produtores e beneficiarios dunha actividade turística baseada no consumo ético e na distribución equitativa dos seus beneficios. Neste marco o turismo accesible debe entenderse como unha dimensión específica do turismo inclusivo (Scheyvens y Biddulph, 2018), pode afirmarse que a accesibilidade constitúe unha condición imprescindible mais parcial dentro dun horizonte máis ambicioso: o turismo inclusivo.

Afondando nas diferenzas pode afirmarse que o *turismo accesible* céntrase na eliminación das barreiras físicas, cognitivas e sensoriais, co obxectivo de garantir que os destinos, produtos e servizos turísticos sexan utilizables e gozables por todas as persoas. Isto implica pensar nun deseño universal (OMT, 2014; Correa et al., 2020) de xeito que a accesibilidade non sexa un recurso complementario senón un criterio inherente ao propio deseño do destino e da oferta turística.

Pola súa banda, o turismo inclusivo engloba a igualdade de oportunidades para todas as persoas e persigue a integración de

todos os colectivos cun enfoque máis holístico, é dicir, pensa na eliminación de barreiras económicas, culturais e sociais, promovendo a diversidade e a non discriminación (Martin et al., 2018; Correa et al. 2020).

Por se mesmo, o significado e contido do concepto de *turismo accesible* aparece vinculado a outros termos próximos e por iso xera confusión terminolóxica. Segundo a OMT (2014), con respecto á definición de turismo accesible, expón que existen dous factores que inflúen na dificultade de adoptar unha única definición: por unha banda, un factor ten que ver cos estudos e a evolución do concepto en si; e, por outra banda a coexistencia de diferentes denominacións en distintos países, sen que se teña acadado un consenso internacional. Así, empréganse indistintamente expresións como Turismo Inclusivo, Turismo Adaptado, Turismo para Todos, Turismo Accesible, Deseño para todos, Deseño Universal, Turismo sen barreiras, entre outros. Neste mesmo manual da OMT (2014), despois de abordar diversas definicións, chégase a concluír nunha definición que englobaría diferentes significados:

O Turismo Accesible é unha forma de turismo que implica procesos de colaboración planificados estratexicamente entre as partes interesadas que permite ás persoas cos requisitos de acceso, incluída a mobilidade, visión, audición e capacidades cognitivas, funcionar de maneira independente e con equidade e dignidade a través da prestación dos produtos, servizos e contornas turísticas baseadas no Deseño Universal (p. 17).

Esta definición adopta un enfoque desde o ciclo vital das persoas. Nela exprésase que o beneficio da accesibilidade no turismo é igual de importante para todas as persoas ao longo da súa vida.

Nos últimos anos fíxose evidente que a accesibilidade non beneficia soamente ás persoas con discapacidade, senón que repercute positivamente no conxunto da poboación. Por iso, o termo *Turismo para Todos* ou *Turismo Universal* aparece por primeira vez na campaña “Tourism for all” definido como “aquela forma de turismo que planea, diseña e desenvolve actividades turísticas de lecer e tempo libre de maneira que poidan ser gozadas por toda clase de persoas, con independencia das súas condicións físicas, sociais ou culturais” (Baker, 1990).

Posteriormente, coa intención de diferenciar entre *discapacidade* e *minusvalía*, aprobouse a Resolución 48/96 do 20 de decembro de 1993, da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, sobre Normas Uniformes sobre a Igualdade de Oportunidades para as persoas con discapacidade, polo que definiu separadamente os termos de discapacidade e minusvalía, sendo este último “a perda ou limitación de oportunidades de participar na vida da comunidade en condicións de igualdade cos demais” (Padilla-Muñoz, 2010). Con todo, téntase que esta limitación ou perda de oportunidade redúzase cada vez máis coa inclusión social que, segundo o Real Decreto Lexislativo 1/2013 de 29 de novembro e o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e de inclusión social, permite que todas as persoas con discapacidade teñan as oportunidades e recursos necesarios para participar plenamente na vida política, económica, social, educativa, laboral e cultural, e para gozar dunhas condicións de vida en igualdade cos demais.

En España, o concepto de accesibilidade universal recóllese no Real Decreto Lexislativo 1/2013 de 29 de novembro, para establecer e regular a accesibilidade cognitiva e as súas condicións de existencia e aplicación. Esta normativa supón un marco legal esencial para avanzar. Centrándose na idea dun turismo para todos, este o que busca é eliminar as barreiras físicas do entorno, que segundo a Lei 8/1995, de 6 de abril, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras Físicas e da Comunicación son “aqueles impedimentos, trabas ou obstáculos que limitan ou impiden a liberdade de movemento, a

estancia e a circulación con seguridade para as persoas”. Segundo o *Real Patronato sobre Discapacidade* (1999) o modelo “Turismo para todos” pretende que todos teñamos unha mellor accesibilidade na práctica turística, facendo fincapé en cinco criterios para entender en qué consiste a accesibilidade e así aplícala (p. 19):

- **Diversidade:** as situacións e necesidades persoais dos turistas que se poden atopar son múltiples.
- **Autonomía:** facer que o uso das instalacións e servizos turísticos sexan o máis cómodos posibles para as persoas que fagan uso delas e que non teñan que depender doutras persoas para o uso e gozar das mesmas.
- **Dignidade:** as posibles solucións que garantan a accesibilidade, deben facerse con respecto e sen discriminación algunha cara a persoa con discapacidade.
- **Seguridade:** todas as instalacións e servizos turísticos deben ser seguros para a totalidade das persoas.
- **Compatibilidade:** a accesibilidade debe estar integrada e debe garantir o uso de gozar da actividade para todos.

Mentres, desde algúns foros propúxose acuñar un novo termo que non fose limitante e despectivo como os utilizados ata o momento (minusválido, discapacitado, inválido....). Este termo, persoa con *diversidade funcional* ten como obxecto ofrecer unha nova visión social deste colectivo. O termo comezou a utilizalo o Foro de Vida Independente a partires do 2005, cuxo orixe filosófico naceu nos EE.UU a finais dos anos sesenta. É un concepto que, desde entón, tivo defensores e detractores, pero se veu utilizando cada vez máis asiduamente de forma natural. É un termo que non ten carácter negativo nin médico, reflicte a realidade humana e pon o énfase

na súa diversidade (Lobato e Romañach, 2005). Este novo concepto inscríbese dentro da filosofía da vida independente, superando outras definicións máis negativas. *Diversidade funcional*, en lugar de centrarse nas limitacións, recoñece a dignidade das persoas como parte da pluralidade humana, aínda que enfróntase a retos ao intentar superar a normalización do corpo e a saúde que proven do discurso médico predominante (Rodríguez e Ferreira, 2010).

O termo diversidade funcional, actualmente é máis utilizado a nivel corporativo que a nivel académico e social, máis por mor da imaxe institucional que pode aportar, pois aínda a normativa legislativa non recolle este novo concepto.

Por último, e non menos importante, hai que relacionar turismo accesible con *turismo sustentable*, pois en esencia o turismo accesible encádrase no turismo sustentable como modalidade de oferta turística integrada e sen barreiras. Neste senso, o turismo accesible contribúe á equidade social e á inclusión, piares básicos da sustentabilidade, pois a accesibilidade universal está alienada cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS). O turismo accesible non so é un dereito humano e unha esixencia ética, senón que é un factor estratéxico para a sustentabilidade turística, posto que a súa implementación favorece a inclusión social e a equidade social, diversifica e amplía o mercado turístico, optimiza o uso de infraestruturas e os recursos turísticos, reforza a responsabilidade social e contribúe á reputación dos destinos (OMT, 2014; Pérez y Hernández, 2023).

Baixo o paraugas deste debate conceptual, Gómez Leiras (2024, p. 136) na súa tese doutoral conclúe:

“[...] a expresión de “turismo accesible” e a súa definición [...] é a máis comunmente utilizada na academia na derradeira década. Nomes como “Turismo para Persoas con Necesidades Especiais” o “Turismo para discapacidade”,

caeron en desuso por reflectir unha anticuada perspectiva médica que poñía o foco nas limitacións dos individuos, non da contorna, e limita o verdadeiro alcance do Turismo Accesible. Por outra banda, expresións como “Turismo inclusivo” ou “Turismo para todos” foron erroneamente aplicadas como sinónimos do Turismo Accesible, xa que trátase doutras modalidades turísticas [...].

Mais aló do debate sobre as diversas definicións, resulta fundamental poñer o acento nun feito incuestionable: as múltiples vantaxes que implica incorporar a accesibilidade no sector turístico. Tanto profesionais como académicos coinciden en salientar que os beneficios son numerosos e significativos. Neste sentido, Fernández Alles (2009) identifica e sistematiza algunhas das principais achegas derivadas da integración da accesibilidade na actividade turística:

- Desde o punto de vista social, a mellora da accesibilidade permite erradicar desigualdades, ademais as persoas con discapacidade poden gozar e acceder a todos os servizos turísticos o que leva unha mellora da calidade de vida destas persoas.
- Por outra banda, un destino turístico accesible ten simbolicamente unha mellor imaxe social, xa que demostra estar adaptado a calquera tipo de cliente ao permitir o acceso a todos os seus produtos e servizos turísticos.
- Desde a óptica económica, ofertar un destino turístico sen barreiras permitiría atraer a un segmento do mercado, o dos discapacitados, de grande atractivo debido á porcentaxe ampla de cidadáns que o integran.
- Non se debe esquecer que cando os turistas con discapacidades acoden a un destino turístico adoitan viaxar acompa-

ñados por outros familiares ou amigos que a súa vez tamén son clientes, ademais estes últimos son clientes ou turistas concienciados e dobremente esixentes.

- Por último, é unha evidencia que a maior parte das persoas discapacitadas prefiren viaxar nas épocas de menor afluencia turística, polo tanto a presenza dos turistas discapacitados nun destino contribúen a minimizar o efecto da estacionalidade do mesmo.

2.1.2. Clasificación das diferentes tipoloxías de discapacidade

É un feito incuestionable que calquera persoa, ao longo da súa vida pódese ver nunha situación na que a súa capacidade de mobilidade ou de comunicación pódese ver alterada temporalmente: por un accidente, por padecer unha enfermidade, no período de xestación das mulleres ou polo factor idade (nenos pequenos e persoas moi maiores). Despois están as persoas que teñen necesidades especiais toda ou unha parte moi longa da súa vida por diversas circunstancias, xa sexa conxénitas ou non. A OMS (2001) elaborou unha clasificación oficial que coñécese coas siglas CIF (Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde). A clasificación fala de funcionamento (termo xenérico para designar todas as funcións e estruturas corporais, a capacidade de desenvolver actividades e a posibilidade de participación social das persoas), discapacidade (termo xenérico que recolle as deficiencias nas funcións e estruturas corporais, as limitacións na capacidade de levar a cabo actividades e as restricións na participación social do ser humano) e saúde (elemento chave que relaciona aos dous anteriores). A nova conceptualización que a CIF fixo do termo *discapacidade* tamén foi fundamental, pois a discapacidade foi asumido como termo xenérico que abarcaba as distintas dimensións: deficiencias de funcións e deficiencias de estrutura (antes deficiencias), limitacións nas actividades (antes discapacidades) e limitacións na participación (antes minusvalías).

Baseándonos na CIF, as diversas discapacidades pódense agrupar en catro grandes bloques:

- **Discapacidade intelectual:** entendida como a adquisición lenta e incompleta das habilidades cognitivas durante o desenvolvemento humano, que implica que a persoa poida ter dificultades para comprender, aprender e recordar cousas novas, que maniféstanse durante o desenvolvemento, e que contribúen ao nivel de intelixencia xeral, por exemplo, habilidades cognitivas, motoras, sociais e de linguaxe (Ke e Liu, 2017). Este tipo de discapacidade pódese clasificar en diversos graos: leve, moderada, grave e profunda.
- **Discapacidade física ou motora:** discapacidade que dificulta ou impide a mobilidade ou movemento do corpo, ou parte do corpo, nas actividades básicas da vida diaria. Inclúense as discapacidades de orixe orgánico (Lei 10/2014). Segundo a CIF, esta discapacidade se subdivide en funcional (alteracións no sistema neuromuscular ou esquelético) e orgánica (que afecta a órganos internos, afeccións cardíacas ou respiratorias).
- **Discapacidade sensorial:** discapacidade que afecta a uno ou máis sentidos á vez, en función do sentido afectado se distingue entre discapacidade visual, discapacidade auditiva ou xordocegueira (Lei 10/2014).
- **Discapacidade psíquica ou mental:** relacionada con alteracións no comportamento, a saúde mental e adaptación social, como trastornos mentais graves ou enfermidades psiquiátricas.

Algúns autores e institucións, como Adecco, engaden unha quinta discapacidade:

- **Discapacidade múltiple ou pluridiscapacidade:** facendo referencia á combinación de dous o máis tipos de discapacidade.

Con todo, existen actualmente unha variedade de tipoloxías de clasificacións, dependendo de autores ou institucións que as defina (Fundación Adecco, Grupo Social ONCE, Fundación Juan XXIII, Real Patronato sobre Discapacidad, etc.), aínda que maiormente acollen a CIF da OMS por ser a máis aceptada e recoñecida. Tendo en conta esta realidade, elabórase un esquema resumo de tipos de discapacidades no que se relacionan as máis habituais, aínda que se advirte que non abarca a totalidade das mesmas, e que se presenta na seguinte táboa 2:

Táboa 2 *Tipos de discapacidades*

Discapacidade sensorial e de comunicación e comprensión do linguaxe	Discapacidade física ou motora	Discapacidade intelectual^[1] ou psíquica
Auditiva	Lesión medular	Retraso mental lixeiro CI entre 50-69
Visual	Esclerose múltiple	Retraso mental moderado CI entre 35-49
Olfactiva	Parálise cerebral	Retraso mental grave CI entre 20-34
Táctil	Espina bífida	Retraso mental profundo CI menos de 20
Gustativa	Párkinson	Síndrome de Down
Visoespacial	Distrofia muscular	Trastornos mentais ou de personalidade: bipolar, síndrome de asperxer, síndrome orgánico, esquizofrenia, depresión, paranoia, antisocial, histriónico, obsesivo-compulsivo, narcisista, etc.

Multisensorial	Poliomielites	Alzheimer
Trastorno do espectro autista (TEA)	Malformacións ou trastornos conxénitos, como por exemplo a acondroplastia (enanismo), ou albinismo (ausencia de pigmentación nos ollos, a pel ou o pelo, etc.	
Trastorno por déficit de atención con hiperactividade (TDAH)	Amputacións	
Discapacidades de aprendizaxe ^[2]	Afeccións ou enfermidade nalgún/s órgano/s vital/ ais: por exemplo as cardiopatías, disfunción dos riles, asma, reumatismo, o VIH, etc.	
Dislexia, disgrafía, discalculía, trastorno do procesamento auditivo, discapacidade do aprendizaxe non verbal	Discapacidades físicas ou motoras temporais.	
	Pola idade (nenos ou persoas maiores)	

	Accidente de calquera tipo que cause unha discapacidade temporal	
	Enfermidade de calquera tipo que cause unha discapacidade temporal	
	Mulleres embarazadas	
	Persoas con carriños	

Nota: Baseada na CIF, Grupo Social ONCE e Adecco. Na columna terceira agrúpanse as discapacidades intelectuais e psíquicas. ^[1] Pódese clasificar segundo diferentes criterios: por necesidades de apoio, etioloxía, niveis de intelixencia o niveis de conduta adaptativa avaliada. ^[2] As discapacidades de aprendizaxe están dentro das sensoriais, de comunicación e de comprensión do linguaxe.

2.1.3. Evolución da atención xeral á discapacidade e do turismo accesible nos casos de España e Galicia

Para esta investigación resultou de máxima relevancia analizar a evolución histórica da atención prestada ás persoas con discapacidade, tanto a nivel estatal como no ámbito específico da Comunidade Autónoma de Galicia. Soamente a través desta mirada diacrónica considérase que é posible comprender os avances sociais, legais e institucionais que marcaron a transición desde modelos asistencialistas, centrados na caridade ou na mera cobertura básica de necesidades, cara a enfoques baseados nos dereitos, na igualdade de oportunidades e na inclusión plena no sector turístico.

2.1.3.1. España

En España, desde a Idade Media, a sociedade civil, mediante confrarías, gremios, montepíos, fundacións e asociacións, foi xerando e reforzando a defensa e integración das persoas con discapacidade, ao tempo que as políticas públicas foron gañando presenza ata a transición democrática (Casado, 2023). O primeiro paso, por parte das institucións públicas, foi a creación de entidades como o *Patronato Nacional de Sordomudos Ciegos y Anormales*, creado en 1910 polo Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes, segundo un Real Decreto (PARES, s.d.). Este Patronato estivo activo ata 1936 que, segundo Del Cura (2012), sufriu transformacións ao longo do período debido a continuos cambios políticos, e que foi esta inestabilidade a que impediu que a institución cumprise coa maioría dos obxectivos encomendados. En 1934 creouse, por Decreto do 3 de abril, o *Patronato Nacional de Cultura de los Deficientes*. Nos inicios, estas entidades non contemplaban o concepto de accesibilidade, pois tratábase, máis ben de facilitar medidas preventivas, sanitarias e educativas (Rodríguez-Porrero, 2016).

Mentres, fóronse creando unha serie de entidades relacionadas máis coa ensinanza, ata que en 1972 creouse o *Servicio de Recuperación de los Minusválidos*, integrándose máis tarde no IM-SERSO (Instituto de Mayores y Servicios Sociales). No ano 1974 levouse a cabo a *Primera Conferencia Nacional para la Integración de Minusválidos*, isto desencadeou a creación da *Comisión Interministerial para la Integración Social de Minusválidos*. Pero a evolución foi lenta, algo que cambiou co nacemento, en 1989, do *Centro Estatal de Autonomía Personal y Ayudas Técnicas* (CEAPAT) co obxectivo de buscar a accesibilidade en diferentes ámbitos para alcanzar unha sociedade máis activa e en igualdade de oportunidades e tamén a publicación do Real Decreto 556/1989 do 19 de maio. Neste R.D. especificase que os edificios novos para uso público, ou privado debían incluír ascensor, definindo unhas condicións mínimas para ser practicables por persoas con mobilidade reduci-

da (dimensións de pendentes, desniveis, mecanismos elevadores, portas, superficies antideslizantes e seguridade nos itinerarios) (Rodríguez-Porrero, 2016).


En 1995 comeza a traballarse co concepto europeo de accesibilidade, resultado dunha iniciativa da Comisión Europea iniciada en 1987 para definir os principios de deseño universal en infraestruturas e equipamento diverso. Despois, no ano 2002, publicouse o “*Libro verde de accesibilidade en España: diagnóstico de situación y bases para elaborar un plan integral de supresión de barreras*”, que sería o primeiro paso para a realización do Libro Branco. Máis tarde, en 2004, o *Real Patronato sobre Discapacidad* publica o “I Plan Nacional de Accesibilidade Universal”, actualizado no ano 2023 en correlación coa Axenda 2030 (Real Patronato sobre Discapacidad, 2025).

En canto ao turismo accesible en España, entendido como o conxunto de accións para garantir que as persoas con discapacidade poidan gozar do lecer e os viaxes en igualdade de condicións, comezou a cobrar importancia a partires da segunda metade do século XX (Sosa, 2024). A sensibilización internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, impulsada pola ONU e a Organización Mundial do Turismo (OMT), sentou as bases para que o turismo accesible se incorporara na axenda pública e empresarial. Durante os anos noventa, España comezou a desenvolver políticas específicas e a impulsar a accesibilidade no sector turístico. O Plan Integral para a Calidade Turística Española incluíu actuacións para sensibilizar ao sector, formar a empresarios, apoiar a investigación e executar melloras en infraestruturas e servizos turísticos (Pérez y González, 2003).

Nas dúas últimas décadas, o turismo accesible pasou de ser unha cuestión de responsabilidade social a converterse nun eixe estratéxico para a competitividade e a calidade do sector. Publicáronse manuais, guías e normativas técnicas, como a norma UNE 178501 de xestión de Destinos Turísticos Intelixentes, que establece que ningún destino pode considerarse intelixente

se non é accesible (Barragán, 2020). Un avance importante para destacar foi que, en 2016, a Fundación ONCE publicou o Primeiro Observatorio da Accesibilidade Turística en España, auditando máis de 1.000 recursos turísticos en toda as provincias e evidenciando tanto os avances como as carencias e os retos pendentes de traballar. Ademais, a accesibilidade integrouse nos planes de excelencia e dinamización turística, desenvolvendo diagnósticos e guías específicas para cidades patrimonio e destinos turísticos chave (Hernández-Galán, 2016). Para facilitar información sobre instalacións turísticas accesibles, transporte accesible ou onde practicar actividades accesibles, en España destacan organizacións como PREDIF (*Plataforma Representativa Estatal de Discapacitados Físicos*), a Fundación Polibea (*Centro Especial de Empleo para Personas con Discapacidad*) ou o Real Patronato de Prevención y de Atención a Personas con Minusvalía, entre outras, que teñen editadas guías informativas sobre hoteis, restaurantes, espazos e actividades na natureza e transporte para persoas con mobilidade ou comunicación reducida que poden consultarse, inclusive en formato on-line. Ademais xestionan programas de turismo accesible, promoven investigacións, facilitan información e formación para á concienciación dos profesionais (de toda a cadea turística) e tamén cara a sociedade en xeral. Por parte dos gobernos locais e rexionais, tamén estase a realizar accións cara a adopcións de medidas paliativas, de intervención e de concienciación cidadán.

Figura 3 Evolución da atención xeral á discapacidade e do turismo accesible en España



2.1.3.2. Galicia

Mentres, en Galicia, ata principios do século XX, as persoas con discapacidade dependían da caridade, as familias e algunhas iniciativas relixiosas ou filantrópicas, como Pai Menni en Betanzos. Esta institución foi fundada en 1923 por encargo do filántropo Juan García Naveira e xestionado pola congregación das Irmás Hospitalarias, é o centro de atención á discapacidade máis antigo de Galicia. Naceu como refuxio para “meninas lisiadas, raquítticas e escrofulosas pobres”, especialmente afectadas pola polio e a falta de recursos. Ao longo do século XX evolucionou de refuxio a Instituto Médico Pedagóxico, colexio de educación especial e, desde 2008, centro para persoas adultas con discapacidade, ofrecendo servizos residenciais, de vivenda tutelada, centro de día e ocupacional (Vázquez, 2024).

Nas décadas de 1960 e 1970 xorden asociacións de familias que crean os primeiros centros educativos e ocupacionais xestionados pola sociedade civil. Destacan ASPANAEX (Asociación de Pais e Nenos e Adolescentes Excepcionais) en Vigo fundada en 1963 por iniciativa de familias, foi pioneira na creación de centros de educación especial, centros ocupacionais e vivendas tuteladas en Galicia. Sumouse ao movemento asociativo estatal FEAPS en 1964 (ASPANAEX, 2025). APAMP (Asociación de familias de persoas con parálises cerebral) en Vigo constituída en 1977 por familias para cubrir a falta de servizos, impulsou a integración en centros educativos ordinarios e desenvolveu servizos como centro ocupacional, centro de día, residencias e transporte adaptado (APAMP, 2025). FADEMGGA Plena inclusión Galicia naceu en 1979 como federación de cinco asociacións fundacionais: Aspas, Aspanas, Aspronaga, Apetesfra (hoxe San Francisco) e Chamorro. O seu obxectivo foi coordinar esforzos e representar ás familias ante as administracións. Desde entón, creceu en número de entidades e servizos, converténdose na principal interlocutora do sector en Galicia (FADEMGGA, 2025).

A partires dos anos 80 na diante consolídase o movemento asociativo, xorden federacións e se diversifican os servizos (residencias, centros de día, emprego con apoio, lecer, atención temprá): ASPACE Galicia (parálise cerebral), Federación Autismo Galicia, CERMI Galicia (Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade), COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), DOWN Galicia, AMICOS, etc. (Xunta de Galicia, Discapacidade, Asociacionismo, 2025).

No tocante á accesibilidade no sector turístico, ata finais do século XVIII, Galicia estivo practicamente ao marxe dos grandes circuítos turísticos europeos, como o Grand Tour, debido a varios factores: o descoñecemento do territorio e, sobre todo, a precariedade das infraestruturas de transporte, polo que a accesibilidade turística era moi limitada. Só no derradeiro tercio do século XVIII se produxeron algúns avances no transporte terrestre, pero estes melloraron só parcialmente a accesibilidade na rexión e puxeron de relieve, a certo nivel, algúns puntos de futuro interese turístico (Lindoso-Tato e Villar-Rodríguez, 2015). Durante o século XX, a accesibilidade turística en Galicia continuou sendo un reto, principalmente pola orografía, a dispersión da poboación e a falta de infraestruturas adaptadas. A chegada do ferrocarril e a mellora das estradas facilitaron o acceso, pero a preocupación pola accesibilidade para persoas con discapacidade non incorporouse ata finais de século, en paralelo ao desenvolvemento da lexislación española sobre supresión de barreiras arquitectónicas.

A partires dos anos 90 e, especialmente, desde principios do século XXI, prodúcese un cambio de paradigma. A accesibilidade comeza a considerarse un dereito e un elemento esencial de calidade turística. Xorden iniciativas públicas e privadas para adaptar recursos, aloxamentos e servizos turísticos ás necesidades de todas as persoas, incluíndo a quenes teñen discapacidade física, sensorial ou intelectual (Galicia10.com, 2025).


Hoxe, a accesibilidade turística en Galicia é unha realidade en expansión, aínda que desigual, dependendo dos destinos e recursos. Existen guías específicas que detallan aloxamentos e recursos accesibles, con diagnósticos técnicos realizados en colaboración con asociacións de persoas con discapacidade. Con todo, non todos os establecementos cumpren ao 100% os criterios de deseño universal, polo que a mellora continua e a formación do persoal seguen sendo obxectivos prioritarios.

Algunhas publicacións oficiais teñen como obxectivo cubrir as carencias comentadas. Por exemplo, desde a Xunta de Galicia publicouse unha primeira guía de “Aloxamentos Accesibles” (2012) nas catro provincias galegas, onde contéplase a actuación de apoio ao turismo accesible nos recursos turísticos de aloxamentos. Posteriormente elaborouse a “Pequena guía da Galicia Accesible” (2013) que informa sobre restaurantes, casas rurais e hoteis adaptados. Temos a “Guía do Camiño de Santiago accesible”, publicada no ano 2015, poñendo en valor os recursos accesibles cos que contan os diferentes Camiños e brindando toda a información verificada e contrastada, remarcando puntos de cada unha das etapas onde teñer maior precaución, así como os itinerarios alternativos máis levadeiros. Tamén realizouse o “Plan de Accesibilidade Turística de Galicia e do Camiño de Santiago” (2016), onde se fai un diagnóstico da situación actual, e en base a elo recóllense estratexias de accesibilidade e os retos e oportunidades para a comunidade autónoma e para o Camiño. En canto ao Camiño, desenvolveuse un sitio web en colaboración coa Fundación ONCE, onde proporciónase información sobre recursos que poden mellorar a accesibilidade da experiencia do Camiño de Santiago. Esta información basease nos datos proporcionados polos responsables de ditos recursos (Fundación ONCE, 2025).

Máis actualmente, a Xunta de Galicia creou a “Guía de Boas Prácticas de accesibilidade para o sector turístico de Galicia” (2021), intentando facilitar a resolución de problemas que poden atopar os profesionais do sector. Pódese concluir que a evolución

da accesibilidade turística en Galicia foi lenta, pero progresiva, pasouse dunha situación de aillamento e barreiras, case insalvables, a un modelo no que a accesibilidade é un obxectivo estratéxico e un dereito, aínda que todavía existen retos e marxe de mellora para alcanzar a plena inclusión en todos os destinos turísticos da comunidade.

Figura 4 Evolución da atención xeral á discapacidade e do turismo accesible en Galicia



2.2. Resumo da normativa en materia de accesibilidade

Respecto a normativa hai que resaltar que, aproximadamente, nas últimas dúas décadas naceu a maior parte da normativa específica reflectindo unha visión da persoa con discapacidade como suxeito de dereitos humanos. Campoy Cervera (2004) argumenta ao respecto que este é un colectivo de persoas que atópanse nunha especial situación de prexuízo social, xa que a sociedade construíu un espazo axeitado só para un determinado tipo de persoa con determinadas características. A progresiva implantación da accesibilidade en materia turística vai vinculada ao desenvolvemento normativo, pero a súa implantación na realidade social

é menor que a normativa que a regula (Soret e Barragant, 2015). Para comprender mellor a progresión no tempo da aprobación das diferentes normativas xerais e as específicas en materia de turismo accesible, algunhas delas xa derogadas, deséñase a táboa 3 síntese onde aparecen relacionadas as máis relevantes:

Táboa 3 *Evolución da normativa que foi aprobada ao longo do tempo en materia de accesibilidade xeral e específica en turismo accesible*

NORMATIVA INTERNACIONAL	NORMATIVA NACIONAL	NORMATIVA AUTONÓMICA
Carta das Nacións Unidas de 1945.	Lei 13/1982 de Integración Social dos Minusválidos (LISMI). Norma derogada pola disposición derogatoria única.a) do Real Decreto Lexislativo 1/2013.	Lei 8/1997, do 20 agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
Convenio Europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais de 1948, adoptado polo Consello de Europa o 4 de novembro de 1950.	R. D. 556/1989 de “Adaptabilidade de edificios de concorrencia pública”. Disposición derogada.	R.D. 35/2000, do 28 xaneiro polo que apróbase o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de Accesibilidade e Supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos de 1966. Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966.	Lei 17/1997, de 21 de novembro sobre cans guía, que garante o dereito ao libre acceso das persoas con deficiencia visual, acompañadas dun can guía, a calquera lugar público. Disposición derogada.	Lei 13/2008, de 3 de decembro, dos Servizos Sociais de Galicia.

<p>Programa de Acción Mundial para as Persoas con Discapacidades, Organización das Nacións Unidas (1982).</p>	<p>Lei 51/2003 de "Igualdade de Oportunidades, Non Discriminación e Accesibilidade Universal das persoas con discapacidade" (LIONDAU). Disposición derogada.</p>	<p>Plan de Acción de Turismo de Galicia 2010-2013 propón unha actuación de apoio ao turismo accesible: Guía de Aloxamentos Accesibles da comunidade galega.</p>
<p>Principios para a protección dos Enfermos Mentais e o Melloramento da Atención da Saúde Mental, Organización das Nacións Unidas (1991).</p>	<p>I Plan Nacional de Accesibilidade 2004-2012 aprobado polo Consello de Ministros o 25 de xullo de 2003.</p>	<p>Lei 7/2011, de 27 outubro, de Turismo de Galicia establece no art.35 j), que debese Garantir a accesibilidade e adopción das instalacións dos establecementos ás persoas con discapacidade.</p>
<p>Normas Uniformes sobre a Igualdade de Oportunidades para as Persoas con Discapacidades das Nacións Unidas (1993).</p>	<p>Orde Pre/1822/2006, do 20 de abril, pola que establécense criterios xenerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.</p>	<p>Lei 10/2014 do 3 de decembro sobre accesibilidade en xeral. Esta lei regula os requisitos de accesibilidade universal en contornas, produtos e servizos.</p>
<p>Directiva 2000/78/CE do Consello, de 27 de novembro, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación.</p>	<p>R. D. 1417/2006, do 1 de decembro para a resolución de queixas e reclamacións relacionadas coa discriminación das persoas con discapacidade.</p>	

<p>Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Decembro de 2000.</p>	<p>Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción de a Autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que será suspendida no ano 2016.</p>	
<p>A OMS elabora a Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde no 2001.</p>	<p>R. D. 505/2007 , do 20 de abril, de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións, sendo así complementario da Lei LIONDAU.</p>	
<p>O libro verde de Igualdade e non Discriminación (2004) elaborado e aprobado pola Comisión das Comunidades Europeas.</p>	<p>Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que recoñécense as linguas de signos españolas e regúlanse os medios de apoio á comunicación oral das persoas con discapacidade auditiva e xordo cegas.</p>	
<p>Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade publicada pola ONU. Elaborado en Nova York en decembro de 2006, asinado por España a 30 de marzo de 2007 e ratificada e publicada no BOE o 23 de novembro de 2007.</p>	<p>Lei 49/2007, de 26 de decembro, pola que establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade. Disposición derogada.</p>	

<p>A OMT no 2014 edita dúas publicacións: “Manual sobre Turismo Accesible para todos: Principios, ferramentas e boas prácticas” e “Recomendacións da OMT por un turismo accesible para todos”^[1].</p>	<p>Lei 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación da normativa á Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.</p>	
<p>Directiva Europea de Accesibilidade 2019/882 do Parlamento Europeo que determina os requisitos de accesibilidade para produtos e servizos.</p>	<p>Lei Xeral dos Dereitos das persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social de 1/2013 de 29 de novembro (Texto refundido).</p>	
	<p>Lei 6/2022, de 31 de marzo, de modificación do Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social.</p>	
	<p>Directiva Europea de Accesibilidade recentemente incorporada ao marco xurídico español a través da Lei 11/2023, de transposición de Directivas da Unión Europea en materia de accesibilidade de determinados produtos e servizos.</p>	

	<p>Real Decreto 193/2023, de 21 de marzo, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos bens e servizos a disposición do público.</p>	
--	--	--

Nota: ^[1] Aínda que non é normativa específica se non que trátanse de manuais de referencia, parécennos importantes apuntalos pola súa relevancia.

Tamén hai que destacar os criterios DALCO –Deambulación, Aprehensión, Localización e Comunicación- da Norma UNE 170001-1:2007, cos que preténdese o cumprimento de accesibilidade a todos os lugares en condicións de seguridade e igualdade para persoas con discapacidade e tamén nos ámbitos de traballo, creando unha contorna accesible e segura. Por último resaltar o papel de AENOR, o cal establece algunhas das normas para persoas discapacitadas relacionadas con temas de edificacións, vehículos automóbiles, aplicacións informáticas e accesibilidade nas webs (seguindo as normas WAI), accesibilidade nas praias e na súa contorna, simboloxía do uso das iconas, etc.

Todas estas normativas e estándares tiveron, ao longo dos anos, unha influencia decisiva na mellora da accesibilidade turística en España, e particularmente en Galicia, ofrecendo experiencias máis accesibles no servizo turístico en toda a cadea do mesmo. Por outra banda, estas normativas contribuíron a impulsar os dereitos e a igualdade das persoas con discapacidade, a traballar na homologación de criterios e estándares técnicos mínimos, a fomentar a innovación e a mellorar a competitividade de estándares de calidade na oferta dos produtos turísticos, con maior supervisión e incentivo sobre aqueles que implementan boas prácticas e

a fomentar a colaboración público-privada en termos de responsabilidade social. Isto fixo que o noso modelo turístico fose máis competitivo a nivel nacional e internacional.

Sen embargo e por outra banda, hai que ter en conta que non todos os recursos turísticos poden ser plenamente accesibles por diversas razóns e limitacións, en ocasións legais, como son as seguintes (Táboa 4):

Táboa 4 *Tipo de problemáticas de accesibilidade, segundo os recursos turísticos*

TIPO DE RECURSOS	PROBLEMÁTICAS
Contornas naturais con barreiras inherentes	Existen paraxes naturais como covas, acantilados ou roteiros de montañas que presentan dificultades técnicas, ambientais ou de conservación que impiden adaptacións. Nestes casos trabállase na creación de roteiros accesibles o miradoiros alternativos que garantan a mesma experiencia, segundo os perfís de discapacidade (Fundación ONCE, 2019).
Patrimonio histórico e cultural	Existen monumentos, cascos vellos das cidades ou edificios históricos protexidos que teñen restricións legais ou técnicas para modificar a súa estrutura. As alternativas de solucións pasan por facer adaptacións non invasivas, percorridos alternativos (incluso virtuais), uso de maquetas, etc. sen comprometer o seu valor patrimonial (Seguitur, 2022; Muñoz, 2024).
Recursos económicos e tecnolóxicos	Facer accesibles todos os recursos, servizos e espazos requiren inversións constantes e capacitación do persoal. Nalgúns destinos, os xestores públicos con limitacións orzamentarias para abordar as adaptacións dos recursos, a implementación pode ser limitada e gradual (Barrera Cero, 2024).

En base a normativa exposta, para o caso concreto de Galicia, pódese presentar o seguinte resumo da súa evolución ata a actualidade (Táboa 5):

Táboa 5 *Resumo da evolución da lexislación aplicada en Galicia*

ETAPA	HITOS PRINCIPAIS	AVANCES E RETOS ACTUAIS
Décadas previas a 1980	Ausencia de lexislación específica e escasa concienciación social.	Accesibilidade moi limitada.
1982-1987	Lei estatal LISMI, polo que ten aplicación tamén en Galicia.	Inicio da eliminación de barreiras.
1997-2014	Lei 8/1997 e o seu desenvolvemento normativo específico en Galicia.	Mellora en edificacións, transportes e servizos.
2014- actualidade	Lei 10/2014 de accesibilidade turística específica. No caso de Galicia.	Presenta avances normativos, pois esta lei buscaba garantir a igualdade de oportunidades para persoas con discapacidade, tamén puxo de manifesto retos en aplicación real.
Presente	Planes de accesibilidade turística, foco no Camiño de Santiago e impulso cara a accesibilidade universal.	Persistencia de carencias e desigualdades.


En xeral, aínda existen retos de cumprimento real e efectivo, pois aínda que se cumpran cos criterios mínimos que esixe a normativa, faltan avances tecnolóxicos, mellora na información sobre accesibilidade, falta de formación e sensibilización actitudinal por parte do persoal, ampliación da oferta e cambio real da mentalidade ou fomento da sensibilidade por parte de xestores, públicos e privados, dos diferentes segmentos do sector turístico. A todo elo, é importante engadir a existencia de diferenzas notables entre os diferentes destinos e recursos, polo que Galicia ten a necesidade de manter e intensificar os esforzos para lograr a plena accesibilidade para todas as persoas con dependencia.

2.3. Adaptacións e atención persoal a turistas con discapacidades

En calquera servizo turístico, resulta fundamental introducir adaptacións ou alternativas que permitan responder ás necesidades das persoas con discapacidade, atendendo ao seu grao de dependencia e ao tipo de limitación -xa sexan de mobilidade, sensoriais, intelectuais ou psíquicas-. Para iso é imprescindible adoptar unha perspectiva empática poñerse no lugar da persoa discapacitada e comprender as súas posibles dificultades e limitacións no acceso, uso e goce do destino. A chamada cadea xeral de atención as persoas con discapacidade debe cubrir todas as etapas do uso dun servizo calquera, de maneira que faciliten, en igualdade de condicións, o seu uso e desfrute (Figura 5).

Concretamente, no eido da experiencia turística, calquera solución, adaptación ou alternativa debe garantir a accesibilidade. Isto implica planificar itinerarios máis accesibles, deseños urbanísticos e arquitectónicos adaptados e máis funcionais, dispor de elementos de apoio seguros, materiais adecuados e básicos que permitan unha manipulación cómoda e manexable, unha correcta localización dos servizos e elementos de apoio. Do mesmo xeito,

Figura 5 Cadea de accesibilidade para persoas dependentes




Nota: Figura baseada a partir de COCEMFE

resulta imprescindible ofrecer informacións accesibles, comprensibles e lexibles para todos os tipos de discapacidades sensoriais.

A continuación móstrase unha imaxe que sintetiza o plantexamento a seguir, en liñas xerais, en termos de adaptacións en cada un dos tipos de discapacidade durante o uso do servizo turístico (Figura 6):

Nesta mesma liña, no servizo turístico, argumentan Amor, et al. (2014), a accesibilidade debería estar presente en toda a cadea completa da experiencia turística, desde as conexións entre todos os lugares ata a planificación e comprobación dos servizos e actividades adaptadas ofertadas. Estes autores afirman que entre os elementos da cadea do turismo figuran os seguintes puntos a ter en conta en materia de accesibilidade:

Figura 6 Adaptacións, segundo as fases da experiencia turística



Nota: Adaptado e completado a partir da información do Real Patronato de Prevención e de Atención a Persoas con Minusvalía.

- » A. A xestión do destino turístico.
- » B. A información e a publicidade turística (preparación e deseño, información e reservas).

As Webs teñen que estar deseñadas con criterios de accesibilidade dixital, folletos en Braille, audioguías, señaisguías e lectura fácil, así como aplicacións móbiles e recursos dixitais adaptados. Elo permite o acceso á información de maneira autónoma para persoas con discapacidade visual, auditiva ou intelectual (Fundación ONCE-Discapnet, 2025).

» C. As contornas urbanísticas e arquitectónicas.

Desde ramplas, ascensores, portas anchas, solos antideslizantes, pasarelas en praias, baños adaptados e habitacións accesibles son imprescindibles en hoteis, museos, restaurantes, estacións de transporte, teatros e outros servizos turísticos. A sinalización (incluíndo Braille e sinais luminosas) e a disposición de espazos amplos para a mobilidade de cadeiras de rodas e andadores (Turismo de España, 2025).

» D. Os medios de transporte e as estacións.

Os aeroportos, estacións e transportes públicos ten que contar con servizos de asistencia para mobilidade reducida, comunicación, sinalización e apoio no embarque e desembarque. As compañías (por exemplo, AENA) ofrecen a posibilidade de solicitar asistencia persoal gratuíta nos desprazamentos (enCórbate, 2022)

» E. O aloxamento, os servizos de comidas e os congresos.

» F. As actividades culturais.

» G. Outras actividades e eventos turísticos.

As praias teñen que contar con pasarelas, cadeiras anfíbias e apoio para o baño, roteiros naturais con sendeiros adaptados, museos con maquetas táctiles, centros culturais con audiodescrición e subtítulo, e oferta de experiencias sensoriais ou alternativas (Grupo Social ONCE, 2025).

Por outra banda, os criterios xerais a seguir no trato persoal cos turistas con discapacidades poden ser comúns as súas distintas discapacidades, neste caso en liñas xerais prevalece o senso común e para elo seguiranse unhas sinxelas regras. Non obstante, para as distintas discapacidades os modos de actuacións especí-

ficas difiren e, neste caso, a formación do profesional é básica. A OMT (2014, p. 113) establece unhas regras básicas xerais para tratar as necesidades destas persoas que complétanse coas establecidas polo Real Patronato de Prevención e Atención a Persoas con Minusvalías (1999, p. 23):

- Atender con cortesía e eficacia, ofrecer información completa sobre os servizos e instalacións de que dispónse, e facilitar o acceso aos servizos de difícil acceso.
- Asegurarse de que sempre haxa presentes empregados que coñecen os medios e as formas adecuadas para comunicarse, especialmente cando veñen turistas con discapacidade sensorial e intelectual.
- Proporcionar información axeitada sobre axudas, dispositivos técnicos e asistencia humana de que dispoña o establecemento en materia de accesibilidade para as persoas con discapacidade física.
- Estar formado para evacuar ás persoas con discapacidade no caso de emerxencia.
- Prestar axuda de forma natural e non subestimar a propia autonomía da persoa con discapacidade. É mellor preguntar si desexan a axuda e de que tipo.
- Dirixirse sempre á persoa con discapacidade, agás que non poda comunicarse por si mesma.
- Poñerse no lugar da persoa con discapacidade e demostrar tolerancia ante a súa demostración de descontento en determinadas situacións.

Os propios xestores públicos dalgúns destinos, entre os que atopase Galicia, algunhas asociacións e algúns establecementos,

ofertan cursos formativos de atención persoal asistente para turistas ou viaxeiros con discapacidade, dirixidos aos empregados en postos de atención ao cliente. O obxectivo destes cursos é que teñan coñecementos suficientes, tanto en dependencia como en turismo accesible, e poidan facilitar atención segundo as necesidades dos viaxeiros. Estes cursos cobren desde a asistencia de emerxencia ata a atención comunicativa e protocolaria adaptada.

Ademais, existen entidades que ofertan servizo de acompañamento ao turista, por exemplo, a asociación PREDIF ou a Fundación ONCE, dispoñen dun servizo privado (non público nin subvencionado), xestionado pola propia entidade especializada que facilitan ao turista un acompañante profesional especializado (por exemplo, na linguaxe de signos ou para persoas con dependencia severa ou requirimentos específicos), se non dispoñen do seu propio acompañante, para que poidan dispoñer de autonomía durante a viaxe ou mesmo no establecemento (Fundación ONCE, 2023).

Non obstante, recoméndase as persoas con algún tipo de discapacidade que, previamente, contacte co aloxamento e o operador turístico contratados para comunicar as necesidades específicas que ten, de forma que poida asegurarse de garantir unha mellor experiencia turística. Tamén é recomendable consultar as guías, recursos actualizados, condicións das actividades e o transporte accesible do destino que vai a visitar.

2.4. Turismo mariñeiro-pesqueiro en Galicia e as súas oportunidades no emprendemento accesible

Con máis de 1.498 km de costa, Galicia presenta un forte vínculo co mar. Considerada o fin da terra mais tamén o seu centro, o corredor atlántico viu pasar fronte as súas costas millóns de embarcacións ao longo da historia, algunhas delas aínda presentes hoxe en día en forma de pecios. Esta estreita relación co mar “salpicou” tamén a súa xente, cuxa identidade e memoria colec-

tiva foron configurándose ao fío dunha historia marítima que ten marcado profundamente a nosa terra. Neste contexto, non sorprende que en Galicia se teña producido unha verdadeira eclosión de iniciativas destinadas á posta en valor e difusión do patrimonio marítimo, tanto material como inmaterial, mediante centros de interpretación, museos, rutas culturais e outras accións. A cultura marítima galega legounos un conxunto heteroxéneo de elementos espallados pola xeografía que poden clasificarse, segundo o caso, como patrimonio marítimo, industrial e/ou etnográfico. Esta diversidade intégrase dentro da categoría máis ampla de patrimonio cultural, que neste caso mantén unha vinculación directa coa contorna natural, configurando así unha paisaxe cultural de altísimo valor.

Na actualidade, patrimonio e turismo configúranse como estratexias fundamentais para a recuperación socioeconómica e ambiental dos territorios, e cada vez é máis frecuente considerar a actividade turística como ferramenta eficaz para paliar as dificultades de determinadas zonas. A terciarización do sector pesqueiro contribuíu, segundo Jiménez e García (2018), á conservación de elementos do patrimonio cultural marítimo que, doutra maneira, terían desaparecido. A través da patrimonialización, a cultura mariñeira, as instalacións pesqueiras e a gastronomía baseada nos produtos do mar convertéronse en recursos patrimoniais e tamén en recursos económicos que promoven o desenvolvemento local.

O turismo mariñeiro ou pesqueiro constitúe por ende nunha das expresións máis salientables de diversificación no litoral. Defínese como o conxunto de experiencias que permiten coñecer a cultura, os oficios, a gastronomía e as prácticas tradicionais ligadas ao mar e á pesca, integrando visitas a confrarías, saídas en embarcacións, obradoiros artesanais ou degustacións. Trátase dun modelo de turismo vivencial e participativo que permite ás comunidades mariñeiras trasladar o seu patrimonio material e inmaterial ao visitante, xerando novas fontes de renda e reforzando o papel de colectivos historicamente invisibilizados, como as

mulleres do mar. Como síntese, o patrimonio marítimo, segundo Pereira (2008), abrangue o conxunto de manifestacións vencelladas á actividade marítima dos homes e mulleres da costa ao longo do tempo.

Autoras como Costa (2010) destacan a importancia de poñer o foco nas persoas que crearon, viviron e usaron ese patrimonio, mentres que Morales (2001) salienta o seu valor como ferramenta de xestión dos lugares turísticos. Sen dúbida, unha estratexia interpretativa global pode ser clave para a xestión do patrimonio mariñeiro, sempre vencellada á realidade social e comunitaria que o xerou. A desconexión entre patrimonio e sociedade supón a perda de significado, autenticidade e sentido de pertenza. A sustentabilidade, sen esta ligazón humana, carece de base real. Polo tanto, o patrimonio debe ser socializado, comprendido e vivido polas comunidades locais. Eventos, visitas guiadas, roteiros ou experiencias vivenciais son ferramentas clave, sempre evitando a falsificación ou idealización da realidade.

Con todo, a cultura marítima permitiu integrar os sectores primario (pesca), secundario (industria manufactureira vencelladas) e terciario (turismo), facendo da actividade pesqueira non só unha actividade primaria senón tamén un elemento clave na configuración da paisaxe cultural. O turismo, así, convértese na pedra angular da transición. Mais o desenvolvemento turístico nestas zonas non está exento de dificultades: as normativas, as connotacións negativas dalgúns recursos ou a presenza de múltiples axentes con intereses a miúdo contrapostos complican os procesos de posta en valor. Inicialmente, a revalorización do patrimonio mariñeiro-industrial xurdiu desde un interese case romántico por preservar as identidades populares. Exemplos galegos como o Museo Massó (1932), o Museo do Mar en Rianxo (2002), o Museo do Mar de Galicia (2002), o Museo da Salga en O Grove (2007), o Museo das Conservas Goday na Illa de Arousa (2009) ou o Museo da Construción Naval de Ferrol (2008), amosan a importancia da colaboración entre axentes diversos para garantir

unha xestión sostida no tempo. Estes proxectos, aínda que financiados principalmente por institucións públicas, contaron co esforzo e compromiso de numerosas asociacións locais, clave para a conservación e difusión do patrimonio. Este escenario evidencia a necesidade de estruturas de cooperación, coordinación e partenariado para garantir unha xestión eficaz destes recursos.

Neste proceso, tamén a accesibilidade convértese nun principio irrenunciable: garantir que todas as persoas, independentemente das súas capacidades físicas, sensoriais ou cognitivas, poidan participar da experiencia patrimonial en condicións de equidade. Isto implica eliminar barreiras arquitectónicas e urbanísticas, mais tamén atender ás dimensións comunicativas e sensoriais, empregando linguaxe clara, recursos multimodais (texto, audio, lingua de signos, pictogramas) e tecnoloxías de apoio que favorezan a comprensión. A accesibilidade non só amplía o público potencial, senón que reforza a dimensión democrática do patrimonio ao facelo realmente común. Así, a posta en valor do patrimonio marítimo-pesqueiro en Galicia debe incorporar estratexias que compatibilicen conservación, difusión e accesibilidade universal. Non se trata unicamente de abrir espazos ou deseñar produtos turísticos, senón de facelo baixo criterios de deseño inclusivo, co obxectivo de que ninguén quede excluído da vivencia cultural. A accesibilidade é, neste senso, un factor de calidade e sustentabilidade, pois mellora a competitividade dos destinos, favorece a innovación social e fortalece o vínculo das comunidades co seu propio legado.

O estudo dos recursos mariñeiros de Galicia constitúe unha oportunidade privilexiada para comprender a complexa relación entre o territorio, o traballo e a memoria colectiva. A descrición que segue responde ao propósito de identificar os principais enclaves patrimoniais, tomando como referencia os distintos xeodestinos turísticos galegos. Esta clasificación ofrece unha visión polidrica do patrimonio mariñeiro, entendido non só como testemuño do pasado senón tamén como laboratorio de innovación

social. Cada xeodestino amosa particularidades que reflicten procesos históricos diferenciados mais todos comparten un denominador común: a súa capacidade para articular identidade e desenvolvemento local, facendo do mar un espazo de coñecemento, de encontro e de creación contemporánea. Para unha visión máis ampla e detallada, recoméndase consultar o traballo desenvolvido no marco do Plan da Cultura Marítima de Galicia 2030 (PCUMA), que inclúe un inventario sistemático dos bens materiais vinculados ao litoral galego, así como as súas correspondentes fichas de catalogación.

A continuación preséntase unha selección dos recursos máis salientables (Figura 7) xa que por razóns de espazo a relación non pretende ser exhaustiva senón ilustrativa da diversidade e riqueza do patrimonio mariñeiro e, especialmente o de carácter industrial, pola súa forte presenza.

A Mariña Lucense. A súa tradición mariñeira maniféstase na diversidade de portos e vilas costeiras, Ribadeo, Foz, Burela, Viveiro ou O Vicedo, que conservan unha intensa actividade vinculada á pesca e á industria conserveira. Entre os recursos máis destacados figuran as cetarias tradicionais de Rinlo ou a presenza de antigas fábricas de salga e conserveiras, como as de Celeiro ou Xove. Complementariamente, iniciativas recentes de turismo mariñeiro, como as rutas pola lonxa de Burela, as visitas ao porto de Celeiro ou ás confrarías locais, permiten coñecer de preto a actividade diaria das comunidades do mar, ofrecendo ao visitante unha experiencia auténtica e educativa. Destaca pola conservación de estaleiros tradicionais o de San Cibrao, testemuña viva da carpintaría de ribeira e da cultura construtiva asociada ao mar. Estes talleres constitúen un patrimonio técnico e artesanal de grande valor etnográfico, no que se manifesta a transmisión interxeracional do saber facer. O traballo de mestres como Francisco Fra exemplifica a continuidade dun oficio que, alén do seu carácter produtivo, representa unha forma de identidade territorial baseada na relación simbiótica coa madeira e coas augas do Cantábrico.

Figura 7 Mapa de xeodestinos e patrimonio industrial mariñeiro



As Mariñas. Situado entre a ría da Coruña e a ría de Betanzos, constitúe unha das áreas máis singulares do litoral atlántico galego pola súa combinación de actividade portuaria, tradición mariñeira e presenza de espazos naturais protexidos pois conta coa protección da Reserva da Biosfera Mariñas-Coruñesas. Entre os recursos máis destacados para o turismo mariñeiro figuran os portos de Sada, Lorbé ou Mera, que conservan unha notable actividade pesqueira e marisqueira, así como instalacións relacionadas coa comercialización e transformación de produtos do mar. O porto de Sada, ademais de ser un referente histórico da pesca artesanal, converteuse nun espazo de dinamización turística a través de rutas guiadas e actividades náuticas. O porto de Lorbé destaca pola súa tradición no cultivo e procesado do mexillón, mentres que en Mera a presenza de pequenas embarcacións tradicionais e o ambiente mariñeiro conservan a autenticidade das vilas costeiras coruñesas. No ámbito do patrimonio industrial, destacan as antigas fábricas conserveiras de Lorbé e Sada, así como La Coruñesa (Francisco Zuloaga), pioneira na elaboración e exportación de conservas de peixe e marisco desde principios do século XX.

Ferrolterra. Ferrolterra exemplifica a converxencia entre patrimonio industrial vivo e cultura marítima. Un dos exemplos máis significativos é o de Cedeira, onde as antigas cetáceas, espazos destinados á conservación e engorde de mariscos e peixes vivos, foron recentemente acondicionadas e restauradas (Foto 8). A súa rehabilitación permitiu transformar un antigo lugar de traballo nun espazo interpretativo aberto ao público, no que se explica o funcionamento destas instalacións e o seu impacto. A intervención combina criterios de conservación patrimonial, accesibilidade e divulgación científica, converténdose nunha boa práctica de recuperación do patrimonio mariñeiro-industrial.

Foto 8 Cetáreas de Cedeira



Nota M. Bereijo

Na mesma localidade, o Museo Mares de Cedeira (Foto 9) constitúe un exemplo paradigmático de participación cidadá e xestión comunitaria do patrimonio. O centro naceu da iniciativa da propia veciñanza, que se organizou para crear un espazo no que recoller e preservar a memoria mariñeira da vila. As coleccións están compostas por ferramentas, fotografías, maquetas e embarcacións doadas por persoas vinculadas ao mar, o que lle confire un fondo carácter identitario e etnográfico. O museo, ademais, funciona como Centro Especial de Emprego, integrando persoas con diversas capacidades nas tarefas de atención ao público, mediación e mantemento, o que o converte nun exemplo de inclusión laboral e social a través da cultura.

Outro punto relevante da comarca é o turismo mariñeiro en Mugardos, un dos enclaves máis emblemáticos da ría de Ferrol. A vila, tradicionalmente ligada á pesca artesanal e á conserva, desenvolveu nas últimas décadas unha oferta turística centrada na interpretación da súa cultura marítima e gastronómica. As experiencias completan o percorrido cunha dimensión gastronómica, coa degustación de pratos típicos como o polbo á mugardesa, que se converteu nun símbolo de identidade e nun reclamo turístico de referencia.

En canto á posta en valor do espazo urbano, Ferrolterra destaca tamén pola creación de roteiros de arte urbana (Foto 9), nos que o muralismo contemporáneo serve como ferramenta de comunicación e inclusión cultural. Estes percorridos permiten descubrir, de forma aberta e accesible, escenas e símbolos vinculados á vida mariñeira, ofrecendo unha experiencia sensorial para todos os públicos.

Foto 9 Roteiros de arte urbana en Cedeira



Nota Destino Cedeira

Costa da Morte. Neste espazo, que abrangue concellos como Malpica, Corme, Laxe, Camariñas, Muxía, Cee ou Fisterra, o mar preséntase como memoria. As rutas dos faros e as lonxas tradicionais conforman itinerarios de interpretación paisaxística e social, mentres que as Baleeira de Caneliñas (Cee) ou as conserveiras de Carballo, Camariñas lembran o peso da industria alimentaria na modernización das vilas costeiras.

O turismo mariñeiro na Costa da Morte desenvolveuse nas últimas dúas décadas como unha aposta clara de deseño do destino. Entre os recursos máis representativos figuran en Fisterra, o porto e a lonxa. A lonxa de Fisterra, modernizada nos últimos anos, abre as súas portas ao público a través de visitas guiadas que permiten coñecer o proceso de descarga, poxa e comercialización do peixe. As persoas visitantes poden observar o traballo das redeiras e o ritmo frenético da actividade portuaria, comprendendo a importancia económica e social da pesca artesanal. A poucos metros, o Castelo de San Carlos, erguido no século XVIII como defensa costeira, acolle hoxe o Museo da Pesca, un espazo que combina memoria, divulgación e identidade.

Cara ao norte, en Corme e Ponteceso, destaca a labor da Asociación de Redeiras Illa da Estrela, un colectivo de mulleres que mantén vivo un oficio tradicional e o reinterpreta como actividade formativa e cultural. As redeiras ofrecen demostracións abertas ao público, obradoiros e charlas divulgativas sobre as técnicas de reparación e confección das redes, ao tempo que colaboran con proxectos educativos e de turismo experiencial. A súa actividade non só preserva un saber artesanal, senón que tamén promove a igualdade de xénero e a dignificación dun traballo historicamente invisibilizado.

Un dos exemplos máis emblemáticos é o de Lira (Carnota), considerada pioneira do turismo mariñeiro en Galicia grazas ao traballo da Confraría de Pescadores de Lira. A día de hoxe queda o que está considerado o primeiro centro de interpretación auto-

matizado da rexión, a Caseta de Pepe do Cuco, situada a escasos metros do porto de Portocubelo.

Ría de Muros–Noia. A Ría de Muros–Noia constitúe un dos mellores exemplos de integración entre patrimonio material e inmaterial. O roteiro Carpinteiros cos pés mollados en Outes ou o Museo do Mar en Noia permiten achegarse á cultura construtiva e simbólica das embarcacións tradicionais e do marisqueo. O Balandro Joaquín Vieta (1916, Outes) embarcación histórica restaurada que ofrece paseos pola ría, é unha icona do saber artesanal galego e do esforzo pola conservación activa por parte da sociedade do patrimonio marítimo. Atópanse tamén numerosos exemplos vencellados á migración de vascos e cataláns no século XIX. Fábricas de salgadura reconvertidas (como a Fábrica de Sel en Muros), transformadas en restaurantes (Anido) ou conservadas como ruínas (Fábrica dos Tres Picos) ou serradoiros como o de Langhaño en Outes. Un claro exemplo é o Museo da Carpintería de Ribeira “Estaleiro San Ciprián”, situado en Outes (A Coruña). Este espazo interpreta e difunde o oficio dos carpinteiros de ribeira, artesáns encargados da construción e reparación das embarcacións tradicionais en madeira, oficio profundamente arraigado na identidade costeira galega (Fuertes, 2017). O proxecto museístico e educativo que o sustenta non só preserva técnicas e ferramentas tradicionais, senón que tamén promove a transmisión do coñecemento ás novas xeracións mediante programas formativos, exposicións interactivas e actividades de participación cidadá.

Barbanza – Arousa. O xeodestino Barbanza–Arousa reúne un amplo conxunto de recursos destacando a ampla presenza de conserveiras que abren as súas portas ao público (como Jealsa–Rianxeira en Boiro ou Escurís en Ribeira) e que articulan un relato da evolución industrial e artesanal da pesca. Tamén se desenvolven experiencias interpretativas e vivenciais como as rutas das mariscadoras de Carril onde as participantes comparten o seu coñecemento sobre a recollida de bivalvos e a sustentabilidade mariña. AMICOS, entidade participante no proxecto ACD_MAR e

ubicado nesta comarca, tamén promove actividades de sensibilización e formación no ámbito da accesibilidade e inclusión aplicadas ao turismo mariñeiro, integrando ás persoas con discapacidade nas experiencias vinculadas ao mar.

Mar de Santiago. No ámbito do Mar de Santiago o mar e o río entrelázanse nun ecosistema cultural no que a tradición pesqueira configura un espazo onde o comercio, a gastronomía e a relixiosidade tamén. Saídas en embarcacións tradicionais, a recollida e clasificación de bivalvos ou a participación en roteiros interpretativos polos bancos marisqueiros e os portos fluviais. O proxecto artículase arredor dunha idea central: o mar como camiño e lugar de encontro. A travesía marítimo-fluvial que percorre a ría de Arousa e o río Ulla constitúe hoxe unha das experiencias turísticas máis singulares de Galicia. A través das empresas asociadas ao proxecto —entre elas, Amare Turismo Náutico ou Piragüilla Aventura— organízanse rutas en embarcacións tradicionais ou modernas, ao tempo que se interpretan os recursos mariñeiros, naturais e etnográficos da ría. En Vilanova de Arousa ofrécese visitas guiadas á lonxa, ao porto e ás bateas de mexillón. Estas experiencias, combinadas coa gastronomía mariñeira e coa oferta museística —como o Centro de Interpretación Valle-Inclán, que aborda tamén o vínculo da vila coa literatura e co mar—, consolidan Vilanova como un referente de turismo azul sustentable e participativo.

O Salnés. O Salnés é un territorio no que a tradición pesqueira e a innovación turística conviven desde fai máis dunha década. A lonxa do Grove e as visitas ás bateas de mexillóns exemplifican a articulación entre produción e experiencia. O Museo da Salga de Punta Moreiras permiten comprender o proceso histórico da industria conserveira e o papel das mariscadoras e traballadoras do mar. En Vilagarcía de Arousa o programa Experiencias de Turismo Mariñeiro, achegan ao visitante á vida cotiá do mar a través de obradoiros de nós, visitas á Praza de Abastos, saídas en barco para observar as bateas de mexillóns e degustacións de produtos lo-

cais directamente na ría. Tamén destacan as rutas da ameixa e do berberecho, nas que as mariscadoras explican os ciclos naturais e a importancia da sustentabilidade mariña; os roteiros pola Illa de Cortegada, integrados no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas; e as visitas á factoría conservera Los Peperetes, onde se combina tradición artesanal e innovación gastronómica. As empresas de turismo mariñeiro como O Chasula ou Marexada integran experiencias inmersivas de navegación tradicional e educación ambiental, poñendo o foco na interpretación do ecosistema mariño e na transmisión do patrimonio inmaterial.

Deste xeito, o Salnés consolídase como un territorio laboratoro onde a economía azul, o turismo sostible e a cultura mariñeira reforzan a identidade dun xeodestino que, máis alá do sol e praia, promove o encontro entre comunidade, ciencia e mar.

Terras de Pontevedra – O Morrazo. A súa situación estratéxica entre as rías de Pontevedra e Vigo propiciou, desde o século XIX, o desenvolvemento dunha intensa actividade pesqueira e conserveira. O Museo Massó de Bueu constitúe o núcleo máis emblemático deste patrimonio mariñeiro e industrial. Fundado sobre as antigas instalacións da fábrica conserveira Massó Hermanos, o museo ofrece un percorrido completo pola historia da industria da conserva e da navegación en Galicia. A súa musealización, de referencia nacional, propón unha lectura didáctica da evolución das artes de pesca, da tecnoloxía marítima e do comercio internacional, integrando pezas orixinais, documentación histórica, fotografías e embarcacións tradicionais. O espazo serve tamén para reflexionar sobre o papel das familias empresarias, as comunidades obreiras e as mulleres conserveiras, que fixeron posible o desenvolvemento costeiro e social do século XX, conectando memoria, traballo e innovación.

Xunto ao museo, o porto de Bueu mantén unha actividade pesqueira viva que se converte nun recurso turístico en si mesmo, grazas ás visitas guiadas ás lonxas e ás confrarías. Cara ao sur, o

Cabo Udra, declarado espazo natural protexido, ofrece unha das paisaxes costeiras máis espectaculares do Morrazo. Este enclave, que combina altos valores ambientais e culturais, é o punto de partida de roteiros interpretativos de turismo mariñeiro e mergullo sustentable, nos que se poñen en valor os ecosistemas litorais, a biodiversidade mariña e as prácticas tradicionais asociadas á recollida de algas e á navegación artesanal.

Ría de Vigo – Baixo Miño. A cidade de Vigo conserva unha forte identidade marítimo-pesqueiro visible nas instalacións de conserveiras históricas como Alfageme ou Albo, e nos estaleiros de Beiramar e Bouzas, documentados como espazos de patrimonio vivo. A presenza de centros de interpretación como o Museo do Mar de Galicia permite comprender a relación entre o mar, a ciencia e a sociedade, mentres experiencias innovadoras como Vigo Pesqueiro (FUNDAMAR) ofrecen itinerarios accesibles polos portos, lonxas e fábricas en activo, promovendo unha mirada inclusiva e divulgativa do sector. No Baixo Miño, proxectos como o Centro de Interpretación da Lamprea en Arbo ou as rotas fluviais polo Miño e o Tamuxe integran o patrimonio natural e gastronómico co relato das comunidades ribeirás, configurando unha fronteira líquida entre Galicia e Portugal onde a cooperación transfronteiriza e o turismo sostible gañan protagonismo.

Finalmente, salienta tamén que, tras a crise do COVID-19, o turismo mariñeiro convértese nunha oportunidade de transformación para os destinos que apostan pola accesibilidade e a innovación, posto que adquiriron relevancia as actividades turísticas realizadas en contornas abertas e experiencias menos masificadas. No *Plan Director 2021-2023 Galicia como destino seguro* (Xunta de Galicia-Clúster de Galicia, 2020) prevíase un cambio de paradigma do modelo turístico cunha tendencia a espazos abertos e baixas densidades, cambio no que se valoraban as 4s: solidariedade, saúde, sustentabilidade e seguridade. O turismo de natureza ou ecoturismo, turismo de praia e costa e o turismo

náutico rexurdiron, ao tempo que o fixo tamén o turismo marítimo pesqueiro, converténdose nunha oportunidade de emprendemento e desenvolvemento. Neste contexto, Olavarria-Benavides e Córdoba-Buiza (2023) argumentan que o lecer e o contacto social seguen sendo necesidades chave, xunto co interese de participar en actividades inclusivas que potencien a aprendizaxe e a integración na comunidade local, así como o acceso a experiencias culturais máis sustentables.

Capítulo 3

METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN

O presente libro forma parte dunha investigación enmarcada no proxecto de ACD_MAR que como xa se adiantou é unha iniciativa impulsada por FUNDAMAR, AMICOS e a Universidade da Coruña, co apoio da Rede Eusumo, orientada ao fomento da accesibilidade e á inclusión de persoas con discapacidade na promoción do patrimonio cultural marítimo-pesqueiro. Como paso inicial, realizouse unha revisión da literatura científica, técnica e normativa, tanto a nivel internacional como nacional e autonómico, prestando especial atención aos marcos conceptuais de turismo accesible, turismo cultural e economía social. Esta análise permitiu establecer unha base sólida para a investigación e identificar boas prácticas, carencias e oportunidades en materia de accesibilidade vinculadas ao turismo marítimo-pesqueiro.

En coherencia con esta revisión, o deseño metodolóxico adoptado é de carácter exploratorio-descriptivo, centrado na análise contextual actual do segmento turístico marítimo-pesqueiro en Galicia. A súa finalidade é configurar un mapa contextual actualizado que permita comprender a situación de partida e detectar as principais barreiras, recursos e potencialidades. Este enfoque exploratorio resulta especialmente pertinente ao tratarse dun campo no que existen aínda escasas achegas sistemáticas, e no que a investigación aplicada pode contribuír a orientar accións de política pública, innovación social e deseño de experiencias turísticas accesibles.

A metodoloxía do proxecto incorpora, ademais, unha dimensión participativa e aplicada, coherente cos principios da economía social que inspiran o ACD_MAR. Así, combínanse: traballo de

campo a través de visitas formativas e avaliacións de accesibilidade en entidades culturais, turísticas e pesqueiras; favorecendo o contacto co contexto real; e a participación activa de persoas con discapacidade como usuarias e avaliadoras das propostas, asegurando que a investigación incorpore as súas voces e experiencias. A continuación explícase con máis detalle.

3.1. Deseño da metodoloxía de investigación

O deseño presentase en dous grandes apartados de traballo, un correspondente á presentación e análise de contido de casos de estudo e outro da posta en marcha do propio proxecto marco ACD_MAR, detallado no apartado de introdución. Na táboa 6 pódese observar con máis claridade as fases e a metodoloxía aplicada en cada unha delas.

Táboa 6 Fases e metodoloxía do traballo de investigación dos casos e do proxecto marco ACD_MAR

1ª PARTE-CASOS	DESCRICIÓN	METODOLOXÍA
Selección e análise de casos de estudo	A selección responde á idea de presentar un abanico de iniciativas no territorio de Galicia referidas ao turismo marítimo pesqueiro.	Metodoloxía cualitativa baseada na análise de contido. Mostraxe por conveniencia.

2º PARTE- PROXECTO MARCO ACD_ MAR	DESCRIPCIÓN	METODOLOXÍA/ ACCIÓNS
1ª Fase	<ul style="list-style-type: none"> - Creación do laboratorio. - Formulación de obxectivos de traballo. - Captación e visitas formativas dirixidas ao alumnado participante de diversos centros de Galicia. - Deseño de ferramentas de Investigación. - Deseño do protocolo de accesibilidade. 	<p>Aplicación de fichas de campo de observación participante e análise de contido dos materiais dos recursos seleccionados.</p> <p>Mostraxe por conveniencia.</p>
2ª Fase	<ul style="list-style-type: none"> - Creación dun Comité Avaliador. - Presentación e selección de propostas gañadoras (presentasen no punto 4.3). 	<p>Presentación e defensa das propostas e a súa avaliación cualitativa baseada na análise dos contidos das propostas e a súa viabilidade.</p>
3ª Fase	<p>Implementación e avaliación das propostas seleccionadas in situ.</p>	<p>Avaliación cualitativa por profesionais da viabilidade da implementación in situ (Visitas formativas aos recursos das propostas gañadoras).</p>
4ª Fase	<p>Transferencia de coñecemento e difusión dos resultados.</p>	<p>Presentación das propostas gañadoras no V Congreso Internacional SOCANTUR.</p> <p>Presentación na Feira da Cultura Mariñeira Accesible.</p> <p>Elaboración e presentación do presente libro.</p>

3.2. Selección de casos de estudo e deseño das variables de análise

Os casos seleccionados para este estudo seguen unha lóxica de mostraxe por conveniencia, atendendo ao criterio do equipo investigador e a súa relevancia dentro do segmento obxecto de análise e dispoñer dunha representación significativa de iniciativas que, desde a perspectiva do turismo marítimo-pesqueiro, incorporen elementos de emprendemento social, economía solidaria ou innovación cultural.

A elección céntrase en proxectos e entidades que combinen as seguintes características:

- Vinculación co patrimonio marítimo-pesqueiro, tanto material (barcos tradicionais, museos, carpintarías de ribeira, instalacións produtivas) como inmaterial (saberes, oficios, narrativas e tradicións vinculadas ao mar).
- Dimensión social e comunitaria, especialmente aquelas iniciativas que xeren valor engadido para a poboación local e contribúan á diversificación económica e á creación de emprego, en particular para colectivos en risco de exclusión ou zonas costeiras en declive.
- Compoñente de accesibilidade, xa sexa a través da eliminación de barreiras arquitectónicas, da implementación de recursos comunicativos adaptados ou do deseño de experiencias inclusivas que poidan ser disfrutadas por persoas con diferentes capacidades.
- Capacidade de transferibilidade e innovación, é dicir, proxectos que poidan inspirar boas prácticas noutras áreas do turismo cultural ou mariñeiro.

Táboa 7 *Mostraxe de casos seleccionados para o estudo*

TIPOS DE CASOS	EMPRESA/ENTIDADE	LOCALIZACIÓN
A: Emprendemento accesible	Bluscus Galicia Marinera	Galicia
B: Rehabilitación de espazos e centros de interpretación	Museo Provincial do Mar	Burela
C: Roteiros accesibles	Amarcarril Cedeira Mariñeira	Carril (Vilagarcía de Arousa) Cedeira

A análise destes casos realizouse a partir dun deseño de variables que incorpora, entre outras, as seguintes dimensións:

- **Accesibilidade física:** infraestruturas adaptadas, mobilidade dentro dos espazos, eliminación de barreiras arquitectónicas.
- **Accesibilidade comunicativa e sensorial:** dispoñibilidade de información en formatos accesibles (Braille, lectura fácil, lingua de signos, audioguías, subtítulado, pictogramas).
- **Accesibilidade cognitiva:** claridade na presentación da información, adecuación da linguaxe, recursos educativos que faciliten a comprensión.
- **Modelo de xestión:** grao de implicación da comunidade, relación co sector pesqueiro, dimensión de economía social.

- **Impacto social e económico:** xeración de emprego, integración de colectivos vulnerables, efectos sobre a identidade e cohesión comunitaria.
- **Valor patrimonial e innovador:** autenticidade da experiencia, equilibrio entre conservación e uso turístico, capacidade de innovación e diversificación.

Capítulo 4

CASOS DE ÉXITO EN EMPRENDEMENTO ACCESIBLE NO EIDO DO TURISMO MARÍTIMO-PESQUEIRO

O emprendemento social en turismo accesible non é so unha cuestión vinculada aos dereitos humanos, senón tamén unha estratexia intelixente para diversificar mercados e de reforzo da resiliencia económica dos destinos. Este tipo de iniciativas céntranse en xerar modelos de negocio que combinen rentabilidade económica cun impacto social positivo, priorizando a inclusión de persoas con discapacidade e doutros colectivos vulnerables. Para que estas experiencias se consoliden deben de alcanzar unha serie de metas (Hernández-Galán, 2015; TUR4all, 2025), como son:

- Traballar unha metodoloxía participativa, pois os proxectos máis exitosos nacen da colaboración e o asociacionismo entre os diferentes actores sociais.
- Fomentar a visibilización e sensibilización a través de campañas informativas e formativas que contribúan a cambiar a mentalidade empresarial do sector.
- Apostar pola sustentabilidade e o desenvolvemento económico local, impulsando proxectos que contribúan á desestacionalización do turismo, á cohesión social a través da creación de negocios, xeración do emprego e á mellora do servizo.
- Promover a innovación e o impacto social, incorporando solucións tecnolóxicas, experiencias sensoriais e unha atención especializada ás diversas necesidades funcionais.


En España hai destacados referentes como a Fundación ONCE, PREDIF ou outras, sendo o motor do impulso da implementación das boas prácticas e de asesoramento empresarial. A súa actividade conecta o emprendemento social co ámbito público-privado, ofrecendo servizos de información, asesoramento, acompañamento para novas oportunidades de negocio (Hernández-Galán et al., 2015). Por exemplo, no caso Galego, PREDIF Galicia lidera proxectos de formación para empresas, diagnóstico de recursos e actividades, guías turísticas adaptadas e a capacitación en atención a persoas con discapacidade. Este dobre enfoque, para o sector e para os usuarios, céntrase na integración social e, ao mesmo tempo, na creación de oportunidades de negocio e na mellora da calidade do destino. Deste xeito, promóvese o desenvolvemento dunha imaxe empresarial sustentada en principios de responsabilidade social, o que contribúe a posicionar ás organizacións como axentes comprometidos coa accesibilidade e a inclusión (PREDIF Galicia, 2002).

Ademáis, no contexto actual existen plataformas colaborativas e sistemas de certificación asociados ao emprendemento social vinculado á accesibilidade. Entre eles destaca TUR4all Travel, unha empresa social que dispón dunha ferramenta dixital orientada á avaliación e certificación da accesibilidade dos establecementos turísticos, contribuíndo así a fomentar a transparencia e a confianza entre as persoas usuarias.

No caso concreto de Galicia, a Xunta de Galicia foi pionera coa posta en marcha do Plan de Accesibilidade Turística de Galicia e do Camiño de Santiago (2016-2019), concebido como un proceso participativo entre sector público, empresas e asociacións. Este plan incorporaba a análise detallado de aloxamentos, roteiros e puntos de interese turístico, así como a creación de produtos turísticos e campañas de sensibilización dirixido ao empresariado e a sociedade gallega. Nos obxectivos deste plan propuxéronse unhas liñas estratéxicas de traballo divididas en: profesionalización, sinalización turística accesible, tecnoloxía aplicada á accesibilidade, melloras nos aloxamentos, melloras nos puntos de interese turístico, melloras


nas distintas etapas do Camiño e promoción e divulgación do plan. Nas estratexias previstas para a mellora do Camiño e nos puntos de interese turístico aparecen as seguintes accións: (Figuras 8 e 9).

Figura 8 *Melloras nas etapas do Camiño*



Nota: Elaboración a partir do Plan de Accesibilidade. Xunta de Galicia

Figura 9 *Melloras nos puntos de interese turístico*



Nota: Elaboración a partir do Plan de Accesibilidade. Xunta de Galicia

Por outra banda, a Xunta de Galicia destinou partidas económicas para incentivar pequenos proxectos de mellora da accesibilidade en recursos turísticos: praias con ramplas, cadeiras anfibas, señalética en Braille, paneis sensoriais en roteiros naturais, e embellecemento e adecuación de aloxamentos e espazos públicos en municipios como O Vicedo ou Burela, entre outros. Este tipo de actuacións están incluídas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística do Litoral, posto en marcha pola Xunta con fondos Next Generation, e enmarcase no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para aproveitar a financiación europea cara á transformación dixital e o incremento da competitividade dos destinos (Xunta de Galicia, 2024)

É convinte tamén presentar o proxecto Mar de Amigos promovido por AMICOS e a Fundación para la Pesca y el Marisqueo (FUNDAMAR), contou co apoio da Rede Eusumo da Xunta de Galicia. A iniciativa céntrase na creación de itinerarios turísticos vinculados ao patrimonio marítimo-pesqueiro da comarca do Barbanza. Un dos elementos máis innovadores deste proxecto foi a incorporación de sete persoas con discapacidade que exerceron como guías turísticos, dirixindo tres rutas temáticas arredor da historia e do patrimonio mariñeiro da zona. A primeira delas percorre o porto de Ribeira e inclúe a asistencia á subasta de peixe e marisco na lonxa; a segunda parte das ruínas da antiga planta de salazón de Punta Castro e conclúe nunha fábrica de conservas; mentres que a terceira se desenvolve en Cabo de Cruz e aborda a construción de bateas, a explotación marisqueira e as prácticas de depuración sostible. Estas rutas, deseñadas baixo os principios do deseño universal, non só garantiron o acceso das persoas con discapacidade a experiencias turísticas significativas, senón que tamén promoveron a súa participación activa como profesionais do sector.

Interesante tamén falar do programa Avante, desenvolvido no marco da RedeMar e coa colaboración da Universidad Internacional de La Rioja (UNIR) e da Xunta de Galicia que propón unha

metodoloxía de investigación-acción-participativa aplicada ao turismo mariñeiro. O seu obxectivo principal é que as persoas con discapacidade non só participen como usuarias das actividades de lecer mariñeiro, senón que interveñan activamente en todas as fases do proceso: diagnóstico, deseño, execución e avaliación. As experiencias piloto realizadas en lugares como Cambados amosan que é posible implicar ás persoas con diversidade funcional como deseñadoras, dinamizadoras e guías das propias actividades, o que supón un cambio de paradigma no modelo de xestión do turismo accesible.

O proxecto SENSEA xorde no marco do programa europeo Ecodestin 3IN, impulsado pola Xunta de Galicia, co propósito de situar Galicia como destino náutico accesible e integrador. Desenvolvido na localidade de Baiona, este proxecto piloto propuxo unha serie de actividades de turismo mariñeiro adaptadas a persoas con diferentes tipos de discapacidade, incluíndo navegación a vela inclusiva, visitas guiadas ás confrarías de pescadores e percorridos accesibles polos recursos pesqueiros e patrimoniais da zona.

O proxecto *Ría de Arousa Accesible*, promovido polo Grupo de Acción Local Pesqueira (GALP) da Ría de Arousa en colaboración coa Asociación Ambar e a Confraría da Illa de Arousa, desenvolveuse co propósito de integrar a accesibilidade universal na planificación e xestión do turismo mariñeiro. Entre as súas accións máis destacadas figura a creación dun equipo consultor formado por persoas con diversidade funcional, encargado de avaliar e mellorar as condicións de accesibilidade nos espazos turísticos e mariños da zona. Paralelamente, o proxecto ofreceu formación específica en deseño universal dirixida a profesionais do sector turístico, co obxectivo de fomentar prácticas inclusivas e sostibles. Ademais, executáronse melloras técnicas en portos, instalacións e recursos patrimoniais, promovendo así a participación plena e segura de todas as persoas. *Ría de Arousa Accesible* exemplifica un modelo de gobernanza participativa no que a experiencia vivida

das persoas con discapacidade se converte nunha ferramenta de innovación e calidade turística.

A análise destas experiencias permite constatar que o emprendemento accesible en contextos mariñeiro-pesqueiros non é unha realidade illada, senón un proceso en expansión que combina innovación, tradición e compromiso social.

Para ilustrar esta diversidade de iniciativas a continuación descríbense con máis detalle algúns dos casos máis significativos, que exemplifican tanto o potencial do sector como os retos pendentes para consolidar un turismo verdadeiramente inclusivo. Así, o presente capítulo estrutúrase en tres grandes liñas de análise: en primeiro lugar, proxectos de turismo mariñeiro accesible liderados por colectivos locais (4.1); en segundo lugar, iniciativas vinculadas á rehabilitación de espazos de traballo reconvertidos en museos e/ou centros de interpretación patrimonial (4.2); e, finalmente, roteiros e experiencias interpretativas adaptadas á diversidade funcional (4.3).

4.1. Casos A: Emprendemento accesible en turismo mariñeiro

O turismo mariñeiro en Galicia consolidouse como un espazo de innovación social e igualdade, no que o emprendemento feminino ten adquirido un papel protagonista. A progresiva incorporación de mariscadoras, redeiras e traballadoras do mar a proxectos turísticos permitiu visibilizar a súa contribución histórica e, ao mesmo tempo, diversificar a economía litoral mediante a creación de produtos baseados na experiencia, a identidade e a sustentabilidade. Estas mulleres teñen reinterpretado os seus oficios desde unha óptica contemporánea, transformando saberes tradicionais en servizos turísticos de alto valor engadido, capaces de xerar emprego e reforzar a cohesión comunitaria. Neste contexto, os GALP desempeñan un papel esencial como mediadores

e promotores, canalizando os fondos do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) cara a proxectos que combinan innovación, identidade cultural e respecto ambiental (Caamaño et al, 2020).

Non obstante, neste caso quérese destacar a labor empresarial da axencia de viaxes de receptivo Bluscus pois constitúe un exemplo consolidado de emprendemento turístico sostible e incluso no ámbito mariñeiro galego. En termos xerais está especializada en experiencias vinculadas ás rías e ao patrimonio marítimo de Galicia, que combina interpretación cultural, lecer activo e promoción gastronómica. A súa actividade abrangue toda a costa galega e tamén o territorio interior da Ribeira Sacra, o que lle permite ofrecer unha visión ampla e integradora do turismo azul.

Bluscus xestiona unha flota de máis de corenta embarcacións de diferentes tipoloxías, adaptadas tanto a grupos reducidos como a actividades corporativas, e organiza rutas polo arquipélago das Illas Atlánticas (Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada) en veleiro ou iate, sempre acompañadas por guías oficiais de turismo. A filosofía da empresa baséase en conectar ao visitante cos profesionais do mar, facilitando o encontro directo con pescadores, mariscadoras e redeiras, e achegando ao público ás prácticas e coñecementos tradicionais que definen a identidade mariñeira galega.

As súas experiencias, centradas na autenticidade e no contacto humano, integran visitas interpretativas, actividades de teambuilding e eventos corporativos, nas que o mar actúa como elemento cohesionador. Ademais, a empresa aposta polo turismo inclusivo, garantindo que unha parte substancial das súas propostas sexan totalmente accesibles, tanto desde o punto de vista físico coma comunicativo e cognitivo. De feito, soen participar ofrecendo actividades específicas para entidades de persoas con discapacidade. Así, garanten a accesibilidade física, con zonas de embarque seguras, ramplas de acceso, material ergonómico e embarcacións adaptadas a persoas con mobilidade reducida. No ámbito da accesibilidade comunicativa e sensorial, a empresa dispón de ma-

teriais informativos en diferentes formatos. O modelo de xestión destaca pola vinculación coa comunidade local. A empresa mantén unha relación estreita co sector pesqueiro e coas confrarías, colaborando en programas de divulgación sobre o marisqueo, a protección dos ecosistemas costeiros e a promoción dos produtos mariños de proximidade.

Desde unha perspectiva identitaria, o proxecto reforza o orgullo comunitario ao poñer en valor o mar como espazo compartido de aprendizaxe, traballo e lecer, fortalecendo o vínculo interxeracional entre profesionais do mar e novas xeracións.

No plano do valor patrimonial, combina autenticidade e creatividade: as experiencias (Foto 10) parten da observación directa do medio mariño e da cultura pesqueira. O equilibrio entre conservación e uso turístico é unha das súas súas fortalezas, xa que promove a sensibilización ambiental e o respecto polos ecosistemas litorais.

Foto 10 *Experiencias náuticas e culturais inclusivas Bluscus*



Nota Bluscus Oficial

A súa capacidade de innovación tradúcese en novos formatos de turismo mariñeiro que amplían o concepto tradicional de actividade náutica, incorporando valores educativos, sociais e culturais.

En conxunto, Bluscus representa unha síntese entre innovación empresarial, compromiso social e posta en valor do patrimonio marítimo, converténdose nun modelo de boas prácticas para a promoción dun turismo responsable e inclusivo.

4.2. Casos B: Iniciativas accesibles en centros de interpretación

A recuperación de antigos espazos produtivos vinculados á pesca, á carpintería de ribeira ou á industria conserveira permitiu articular proxectos museísticos que combinan conservación patrimonial, educación e accesibilidade. Entre os exemplos máis significativos de accesibilidade museográfica en Galicia destaca o Museo do Mar de San Cibrao, situado no concello de Cervo e dependente da Deputación Provincial de Lugo a través da Rede Museística Provincial.

Este espazo, recoñecido como o museo máis accesible de Galicia, representa un modelo pioneiro de integración dos principios do deseño universal e da inclusión social no ámbito cultural. O museo foi progresivamente adaptado para garantir que as persoas con discapacidade física, sensorial ou cognitiva poidan gozar dunha experiencia plena e autónoma.

A súa proposta museográfica incorpora pezas táctiles que permiten ás persoas cegas explorar os obxectos expostos a través do tacto, acompañadas de cartelería en Braille e en formato sonoro, que amplía a comprensión da información. Ademais, o centro conta con pictogramas accesibles destinados a facilitar a orientación e a lectura a persoas do espectro autista, e con mochilas

multisensoriais equipadas con materiais de apoio, como cascos antirruído e ferramentas de estimulación táctil, pensadas para mellorar o confort e a seguridade de visitantes con necesidades específicas. Esta aposta pola accesibilidade integral converte o Museo do Mar de San Cibrao (Foto 11) nun referente nacional na aplicación de recursos adaptativos e na creación de contornas culturais verdadeiramente inclusivas.

Foto 11 Museo provincial do mar



Nota Xunta de Galicia

A directora da Rede Museística Provincial, Encarna Lago, sinala que o éxito deste proxecto radica na incorporación dos “relatos para todos”, é dicir, na vontade de facer partícipes a todas as persoas da experiencia cultural, independentemente das súas capacidades. Esta filosofía de apertura e diálogo reflíctese tamén na súa programación: o museo acolle residencias artísticas inclusivas, como as iniciativas Sementeiras, destinadas a nenos e nenas, algúns con diversidade funcional, co obxectivo de fomentar a creatividade e a conciliación familiar durante o verán.

O caso do Museo do Mar de San Cibrao exemplifica como a accesibilidade museística non debe entenderse unicamente como un conxunto de medidas técnicas, senón como unha estratexia global que transforma o espazo cultural nun ámbito de convivencia, aprendizaxe e igualdade. A súa traxectoria demostra que a integración de ferramentas multisensoriais, a participación comunitaria e a sensibilización profesional poden converter o museo nun laboratorio de inclusión social, un modelo inspirador tanto a nivel autonómico como nacional e internacional.

4.3. Casos C: Roteiros accesibles para turistas con diversidade funcional

As experiencias de turismo marisqueiro, especialmente en Cambados, Illa de Arousa ou O Grove, puxeron en valor o traballo das mulleres mariscadoras, tradicionalmente invisibilizado. Estes proxectos, impulsados e financiados polos GALP, teñen contribuído de maneira decisiva á posta en valor do traballo das mulleres mariscadoras e redeiras, colectivos que historicamente sustentaron a economía mariñeira galega mais que durante décadas permaneceron invisibilizados no imaxinario social. A través de roteiros interpretativos accesibles polas praias, bancos marisqueiros e zonas portuarias, as propias profesionais do mar convértense en guías e intérpretes do seu oficio, ofrecendo aos visitantes a posibilidade de coñecer de primeira man as técnicas, ferramentas e tradicións que definen este modo de vida.

A Asociación de Mariscadoras de Carril (AMARCARRIL) nace como unha iniciativa colectiva impulsada por un grupo de mulleres do mar co obxectivo de divulgar o oficio do marisqueo e a cultura mariñeira da vila de Carril, no concello de Vilagarcía de Arousa. A súa misión é dar a coñecer a historia do territorio, os parques de cultivo e a actividade marisqueira como exemplo de esforzo, solidariedade e superación dun colectivo que, a través da organización e do traballo cooperativo, contribuíu de forma deci-

siva á mellora das condicións sociais e económicas das mulleres do litoral galego.

As propias mariscadoras son as guías e mediadoras destas experiencias, ofrecendo roteiros interpretativos e talleres participativos nos que explican en detalle o funcionamento do marisqueo a pé, as concesións e a xestión dos parques de cultivo, así como as técnicas de extracción, selección e sementeira dos bivalvos. Estes percorridos inclúen a observación directa das tarefas de marisqueo, o uso das ferramentas tradicionais e a explicación dos ciclos biolóxicos das especies, combinando divulgación ambiental, aprendizaxe práctica e transmisión de coñecementos interxeracionais. A actividade complementase coa visita á lonxa, onde as participantes amosan o proceso de clasificación, cribado e comercialización dos produtos, explicando as súas particularidades económicas e gastronómicas.

Entre as propostas máis salientables atópanse os talleres de marisqueo para grupos e escolares, desenvolvidos en colaboración con centros educativos, asociacións e entidades culturais. Neles, as mariscadoras imparten sesións didácticas adaptadas a diferentes idades e niveis de coñecemento, nas que o alumnado aprende, de maneira práctica e accesible, as fases do cultivo e extracción dos mariscos, as normas de talla e veda, a identificación das especies e o papel das mariscadoras na sustentabilidade dos ecosistemas costeiros. Estes talleres intégranse con actividades lúdicas na praia e con materiais de apoio en lectura fácil e formato visual, co fin de garantir a comprensión cognitiva e sensorial de todos os participantes.

AMARCARRIL ofrece tamén visitas guiadas á Illa de Cortegada, pertencente ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, nas que se combina o relato natural e histórico coa experiencia do marisqueo. As rutas e talleres están adaptadas, ofrecendo itinerarios de fácil tránsito, puntos de descanso e materiais informativos en distintos soportes sensoriais. A asocia-

ción promove tamén a igualdade de oportunidades no acceso ao emprego, reforzando a profesionalización das mariscadoras e a súa participación activa na cadea de valor turística e pesqueira. En definitiva, representa unha experiencia de emprendemento, que une tradición e innovación, e que consolida o turismo mariñeiro como unha vía eficaz para fortalecer a cohesión social, visibilizar o traballo das mulleres e fomentar unha cultura do mar máis incluída, participativa e sostible (Foto 12.).

Foto 12 Actividades con mariscadoras de AMARCARRIL



Nota AMARCARRIL

Outro caso que cabe mencionar é o de Cedeira Mariñeira, promovido polo GALP A Mariña-Ortegal. Esta iniciativa deseñou varios itinerarios accesibles pola vila e polos espazos portuarios co obxectivo de dar a coñecer a súa identidade mariñeira, o funcionamento das confrarías e a historia local do sector pesqueiro.

O proxecto incorporou tamén materiais dixitais accesibles, dispoñibles en plataformas en liña, que permiten ampliar a experiencia e garantir o acceso remoto a persoas con diferentes capacidades. Ademais, esta iniciativa inclúe accións educativas en colaboración cos centros de ensino, mediante as cales o alumnado pode achegarse aos procesos de produción e comercialización dos produtos mariños, desde a extracción ata a chegada ao mercado, pasando pola lonxa, o transporte e a venda directa. Este modelo educativo combina aprendizaxe experiencial e sensibilización social, fomentando o respecto pola actividade pesqueira e o recoñecemento do traballo das mulleres do mar.

A planificación destas actividades baséase nun deseño interpretativo coidadoso, que incorpora recursos multisensoriais, materiais manipulativos e linguaxe clara para favorecer a comprensión cognitiva. O contacto directo entre profesionais e visitantes xera un intercambio de saberes e experiencias que transcende o ámbito turístico, consolidando novas redes de apoio local e recoñecemento mutuo.

En definitiva, estes proxectos mostran que o emprendemento accesible e inclusivo no sector mariñeiro non só contribúe á mellora da oferta turística, senón que tamén redefine as relacións entre cultura, economía e identidade local. As mulleres, que ao longo da historia desempeñaron un papel esencial e invisibilizado na actividade mariñeira, convértense hoxe nas principais embaixadoras do seu territorio, recuperando a voz e o espazo que lles corresponde no relato contemporáneo do mar galego. O turismo accesible convértese así nunha ferramenta de empoderamento e dignificación profesional, capaz de integrar a diversidade funcional e a igualdade de xénero nun mesmo horizonte de sustentabilidade e xustiza social.

Capítulo 5

PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS GAÑADORAS DO PROXECTO MARCO ACD_MAR

En total, presentáronse 12 propostas, a avaliación realizouse segundo criterios de innovación, viabilidade técnica, impacto social, accesibilidade universal e potencial educativo, valorando de forma especial aquelas iniciativas que integrasen a participación activa de persoas con diversidade funcional e o compromiso co territorio. As propostas gañadoras (Foto 13) destacaron polo seu carácter interdisciplinar e pola súa capacidade para traducir os principios do proxecto ACD_MAR, accesibilidade, inclusión e sustentabilidade, en accións concretas de deseño turístico, sensibilización e posta en valor do patrimonio mariñeiro.

Foto 13 *Propostas gañadoras ACD_MAR*



5.1. Proposta Primeiro Premio: “Mar aberto”

Táboa 8 *Detalle da proposta “Mar Aberto”*

Mar Aberto	
Promotores	Alumnado de 3º do Grao en Turismo da Universidade da Coruña: Anxo García Carracedo, Diego Rodríguez Regueiro e Juan Tomás Fernandes González.
Descrición da idea	Ruta accesible e inclusiva no Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen (Burela); Estaleiros de Carpintería de Ribeira Fra (San Cibrao, Cervo) e Museo Provincial do Mar (San Cibrao).
Retos e obxectivo principal	Fomentar a accesibilidade universal no patrimonio marítimo-pesqueiro da Mariña Lucense, creando unha ruta inclusiva que integre tradicións, innovación tecnolóxica e participación comunitaria.
Beneficiarios	Especialmente persoas con diversidade cognitiva e intelectual e persoas con diversidade visual.
Canles de comunicación	Plataforma dixital accesible, redes sociais, colaboración con asociacións afíns, difusión en centros educativos e culturais e axencias de viaxes receptivas.
Conta de Instagram	@maraberto.gal

5.1.1. Descrición da idea

A proposta “Mar Aberto” xorde coa finalidade de poñer en valor o patrimonio marítimo-pesqueiro da Mariña Lucense a través dunha ruta accesible e inclusiva, deseñada para achegar a todas as persoas, con independencia das súas capacidades, ás tradicións pesqueiras, marisqueiras e artesanais da comarca.

O proxecto céntrase en tres recursos principais:

- O Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen en Burela (Foto 14).
- Os Estaleiros de Carpintería de Ribeira Fra en San Cibrao, Cervo (Foto 15).
- O Museo Provincial do Mar de San Cibrao, pertencente á Rede Museística de Lugo.

A experiencia pretende superar o marco dunha visita turística convencional. A ruta estrutúrase para grupos reducidos (entre 3 e 12 persoas), o que garante un trato próximo, atención personalizada e adaptación das dinámicas a diferentes perfís de capacidade.

Foto 14 Barco Boniteiro Burela



Nota Concello de Burela

Foto 15 Asteleiros Fra_



Nota Asteleiro Fra

A innovación reside en integrar recursos inclusivos (pictogramas, maquetas 3D, sinalización táctil, audioguías multisensoriais, mochilas sensoriais, cordas-guía para persoas cegas) e en favorecer a interacción directa cos saberes tradicionais. A construción naval artesanal, o ciclo vital da madeira, o traballo das redeiras ou as técnicas de pesca e marisqueo convértense en experiencias accesibles, comprensibles e participativas, fomentando tamén o diálogo interxeracional coa poboación local.

5.1.2. Retos e obxectivos

Este proxecto xorde co obxectivo xeral de fomentar a accesibilidade universal no patrimonio marítimo-pesqueiro da Mariña Lucense, creando unha ruta inclusiva que integre tradicións, innovación tecnolóxica e participación comunitaria. A súa vez tamén

presenta como obxectivos específicos: visibilizar a cultura mariñeira da Mariña Lucense, pouco recoñecida dentro do conxunto do patrimonio marítimo galego; mellorar a accesibilidade dos recursos seleccionados, tomando como referente as boas prácticas do Museo Provincial do Mar; explicar o ciclo vital da madeira e a construción naval tradicional, mediante visitas guiadas e materiais interactivos; promover a inclusión de persoas con diversidade cognitiva e visual, deseñando actividades adaptadas e accesibles e contribuír á sensibilización social sobre a importancia do mar e das actividades pesqueiras como motor económico e cultural da comarca.

5.1.3. Beneficiarios

Este proxecto pretende mellorar a experiencia de persoas con determinadas capacidades. A estratexia céntrase, por unha banda, en persoas con diversidade cognitiva e intelectual, coa aplicación de linguaxe sinxela, pictogramas, ritmos adaptados e apoio constante, que favoreza o entendemento e posible complexidade da materia. Por outra banda, ponse o foco en persoas con diversidade visual. Neste caso, aplícanse ferramentas como audioguías ou maquetas 3D para explicar o ciclo da madeira; así como sinalización en Braille e cordas-guía, para dispoñer dunha experiencia máis fluída e segura para o participante. Tamén se levará a cabo a formación de guías locais especializados en atención accesible.

Estas aplicacións son beneficiosas para moitos colectivos que presenten determinadas discapacidades físicas ou sensoriais, xa que atoparán recursos de apoio para unha experiencia plena. A súa vez, tanto estudantes coma familias, poderán descubrir de forma didáctica e participativa o patrimonio mariñeiro. Outra beneficiaria tamén é a comunidade local, xa que mediante este tipo de proxectos se reforza a súa identidade conectada co mar e se visibilizan prácticas tradicionais do territorio, como é o caso da carpintería de ribeira ou a pesca do bonito.

5.1.4. Canles de comunicación cos beneficiarios

Tratouse de deseñar unha plataforma dixital accesible, formada por unha web con certificación AA, deseño inclusivo e compatibilidade con lectores de pantalla que no momento desta publicación está en proceso de ser creada. Ademais, apostouse pola presenza en redes sociais como Instagram cunha estratexia centrada en vídeos curtos, relatos audiovisuais e testemuños; colaboración con asociacións afíns (ONCE, FADEMGA, PREDIF, AMICOS, Mar de Amicos, FUNDAMAR) para chegar aos colectivos destinatarios.

5.1.5. Proceso de posta en marcha

Para a posta en marcha do proxecto, contouse con Estaleiros Fra (San Cibrao); o Museo Provincial do Mar, da Rede Museística de Lugo; o Concello de Burela; o Concello de Cervo; diversas confrarías de pescadores e asociacións mariñeiras (como son: Re-deiras Cabo Burela, Armadores de Burela, Fundación Expomar); ou as asociacións e entidades de discapacidade ONCE, FADEMGA, CERMI ou Aspronaga.

5.1.6. Motivacións do equipo promotor

O equipo promotor, formado polo alumnado Anxo García Carracedo, Diego Rodríguez Regueiro e Juan Tomás Fernandes González, titorizado polo profesorado da Facultade de Turismo da UDC considerou que a Mariña Lucense constitúe un escenario idóneo para impulsar un proxecto piloto que combine tradición, accesibilidade e innovación. A motivación principal é derrubar barreiras, crear oportunidades de aprendizaxe inclusiva e poñer en valor recursos e destinos pouco desenvolto, contribuíndo así ao desenvolvemento sostible da comarca e á sensibilización social.

5.2. Proposta Segundo Premio: “O camiño da lúa”

Táboa 9 *Detalle da proposta “O camiño da lúa”*

O camiño da lúa	
Promotores	Alumnado de 3º do Grao en Turismo e Ciencias Empresariais da UDC. Carolina Brea Blanco, Nuria Carballeira Seoane e Ana Ramos Fente.
Descrición da idea	Unha proposta de lecer a modo de Escape room desenvolta no Aquarium Finisterrae da Coruña. Combina turismo, patrimonio marítimo e accesibilidade cognitiva e sensorial.
Retos e obxectivo principal	Promover a educación medioambiental e a divulgación científica de temas mariños dun xeito inclusivo e inmersivo.
Beneficiarios	Está pensada para públicos con Trastorno do Espectro Autista (TEA) e Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH).
Canles de comunicación	Plataformas dixitais de fundacións e entidades, redes sociais, medios oficiais, material informativo (Braille, pictogramas).
Conta de Instagram	@caminodalua

5.2.1. Descrición da idea

O segundo proxecto gañador tiña por título “O camiño da lúa”, unha proposta innovadora de lecer inclusivo que combina turismo, patrimonio marítimo e accesibilidade cognitiva e sensorial. Trátase dun escape room temático ou sala de escape. Inicialmente ía ser desenvolto no iate histórico Ocean Falcon, con base no Porto

da Coruña, mais finalmente tivo que desenvolverse no Aquarium, centro público de ciencia dedicado á educación medioambiental e a divulgación científica de temas mariños. A actividade baseouse nunha historia ficticia sobre a chegada do Capitán Nemo á Coruña no submarino Nautilus.

5.2.2. Retos e obxectivos

O obxectivo xeral desta iniciativa é crear un produto de turismo inclusivo e inmersivo que combine cultura marítima, accesibilidade e innovación, posicionando A Coruña como referente en lecer accesible. A súa vez, entre os obxectivos específicos atópanse adaptar un *escape room* a colectivos con TEA e TDAH mediante recursos multisensoriais; poñer en valor o patrimonio marítimo-cultural coruñés vinculando o xogo coa Torre de Hércules e a historia local; formar persoal especializado en accesibilidade cognitiva e atención a persoas con diversidade; promover a participación de familias e asociacións de persoas con discapacidade en experiencias culturais compartidas; e asegurar a sustentabilidade económica mediante colaboracións con entidades públicas e privadas.

5.2.3. Beneficiarios

A proposta está especialmente adaptada para persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) e Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) que grazas a esta experiencia atoparán unha contorna de *escape room* adaptado ás súas necesidades. A súa vez, as familias e grupos de escolares poderán participar conxuntamente nunha experiencia cultural inclusiva, independentemente das capacidades de cada persoa. O mesmo que lle acontece a aquelas asociacións e entidades sociais vinculadas á diversidade funcional, que contarán cun recurso de lecer adaptado. Sexan turistas ou residentes.

Deste xeito, integra recursos específicos como son pictogramas e unha linguaxe sinxela para facilitar o entendemento; unha iluminación regulable que dota o espazo dun ambiente confortable sen sobrecargas sensoriais: unha serie de sons adaptados e controlados para a realización da actividade; instrucións claras e un guía de apoio durante toda a experiencia. Seguindo esta liña, O camiño da lúa rompe coa exclusión habitual das salas de escape ou *escape rooms* tradicionais, creando un espazo de xogo accesible, seguro e participativo para todas as persoas.

5.2.4. Canles de comunicación cos beneficiarios

A comunicación deste proxecto centrase nunha serie de campañas en redes sociais (Instagram) cunha estratexia de vídeos curtos e *teasers* narrativos que funcionen como gancho para a audiencia. A súa vez, é fundamental a colaboración con asociacións como a Federación de Autismo de Galicia, Fundación INGADA e outras entidades de apoio a persoas con diversidade cognitiva. Levarase a cabo unha difusión institucional a través de diferentes organismos como son Turismo da Coruña, Deputación da Coruña e Turismo de Galicia, así como a creación de material informativo adaptado en Braille, lectura fácil e pictogramas.

5.2.5. Proceso de posta en marcha

Neste caso, AMICOS asesora en accesibilidade cognitiva; a franquía estadounidense de escape room , Escapology Marineda valora a iniciativa e a súa execución; e o Aquarium Finisterrae cede as súas instalacións para desenvolver nelas a experiencia. Entre as actividades clave destacan a investigación de boas prácticas en accesibilidade para TEA e TDAH; o deseño narrativo do escape room arredor dunha lenda, segundo o Capitán Nemo chega á Coruña guiado pola luz da Torre de Hércules; a adaptación do espazo mediante atrezo, son a accesibilidade básica; a creación

de materiais multisensoriais con axuda de pictogramas e texturas; e a pilotaxe da experiencia con grupos reducidos levando a cabo unha avaliación da mesma. Estas actividades contarán co mobiliario e equipos requiridos para o seu correcto funcionamento, e tamén cos recursos humanos necesarios como expertos en accesibilidade, deseñadores de xogos, guías formados e técnicos.

5.2.6. Motivacións do equipo promotor

O equipo promotor, formado polo alumnado de 3º do Grao en Turismo e Ciencias Empresariais da UDC, Carolina Brea Blanco, Nuria Carballeira Seoane e Ana Ramos Fente, e o seu profesorado titor está motivado porque a maioría dos *escape rooms* actuais están pensados para un público estándar, xerando barreiras que impiden a participación de moitas persoas e, polo tanto, a exclusión no tempo de lecer. O “Camiño da lúa” representa a oportunidade de transformar o lecer urbano en A Coruña, demostrando que é posible combinar tradición, patrimonio, misterio e inclusión.

5.3. Proposta Terceiro Premio: “Un mar sen barreiras”

Táboa 10 *Detalle da proposta “Un mar sen barreiras”*

Un mar sen barreiras	
Promotores	Alumnado de 3º de Grao en Turismo e Ciencias Empresariais da UDC. Cristina Cortés Iglesias, Encina Morán Lázaro e Clara Muro Hillerud.
Descrición da idea	Proposta integral para converter o porto e lonxa da Coruña nun lugar accesible.

Retos e obxectivo principal	Crear un modelo integral de turismo mariñeiro accesible, avaliar a accesibilidade dos recursos turísticos mariñeiros, promover un selo de calidade e adaptar materiais divulgativos.
Beneficiarios	Persoas con discapacidade física, sensorial ou cognitiva.
Canles de comunicación	Redes sociais, adaptación de materiais divulgativos, plataformas oficiais de colaboradores e institucións,
Conta de Instagram	@unmarsenbarreiras

5.3.1. Descrición da idea

“Un mar sen barreiras” preséntase como unha proposta integral que busca converter o porto e lonxa da Coruña nun lugar accesible. A ferramenta dixital incorporará funcións como un modo guía en Lingua de Signos Española (LSE) con vídeos explicativos asociados a códigos QR, unha audioguía interactiva con detección de localización, e un modo accesible para persoas con mobilidade reducida que recomende itinerarios con ramplas, varandas e zonas sen obstáculos.

5.3.2. Retos e obxectivos

O obxectivo xeral deste proxecto é crear un modelo integral de turismo mariñeiro accesible. A súa vez, os obxectivos específicos son avaliar a accesibilidade dos principais recursos turísticos mariñeiros (museos, carpinterías de ribeira, portos, restaurantes, aloxamentos); desenvolver un selo de calidade en accesibilidade turística mariñeira, inspirado en boas prácticas internacionais; adaptar materiais de comunicación (folletos, webs, vídeos) a formatos inclusi-

vos: Braille, lectura fácil, pictogramas, subtítulos; formar persoal do sector turístico e pesqueiro en atención inclusiva; e promover unha rede de colaboración entre entidades mariñeiras, asociacións de persoas con discapacidade e administracións públicas.

5.3.3. Beneficiarios

Entre as persoas beneficiarias desta iniciativa atópanse as persoas con discapacidade sensorial, polas que se aplicarán audioguías, materiais táctiles e subtitulación; as persoas con discapacidade cognitiva, polas que se aplicarán pictogramas, linguaxe sinxela e acompañamento especializado. A promoción reforzase a través de: redes sociais da Autoridade Portuaria, Turismo da Coruña e entidades colaboradoras; material divulgativo físico en oficinas de turismo, hoteis, centros culturais e puntos estratéxicos da cidade; alianzas con asociacións de persoas con discapacidade, garantindo a difusión directa entre os colectivos destinatarios.

5.3.4. Canles de comunicación cos beneficiarios

A canle principal será a páxina web da Autoridade Portuaria da Coruña, que integrará un espazo específico con contidos accesibles e tecnoloxías como NaviLens, audioguías e vídeos en Lingua de Signos Española (LSE). Esta plataforma actuará como centro de información e reserva, facilitando a autonomía das persoas usuarias na planificación da súa experiencia.

5.3.5. Proceso de posta en marcha

Para o desenvolvemento desta proposta existen unha serie de colaboradores clave como é a Autoridade Portuaria, o concello e tamén as oficinas de turismo. Prevese a integración de contidos accesibles na páxina web da Autoridade Portuaria da Coruña,

que contará cun espazo específico dedicado ao proxecto. Nese apartado incluíranse recursos adaptados sobre a lonxa e o porto, incorporando tecnoloxías como códigos QR, NaviLens e beacons Bluetooth, ademais de audioguías, vídeos en Lingua de Signos Española e un tour virtual. A interface deseñárase con criterios de usabilidade e compatibilidade con lectores de pantalla, garantindo unha navegación autónoma para todas as persoas usuarias. Salientar que no proceso de implementación presentáronse obstáculos tanto para a integración dos materiais na web oficial como para a instalación dos carteis cos códigos NaviLens.

5.3.6. Motivacións do equipo promotor

O equipo promotor, formado polo alumnado do Grao en Turismo e Ciencias Empresariais da UDC, Cristina Cortés Iglesias, Encina Morán Lázaro e Clara Muro Hillerud, e o profesorado titor da Facultade de Turismo da UDC está motivado pola necesidade detectada de facer o turismo máis accesible na cidade, eliminando obstáculos que dificultan a experiencia de moitos visitantes no Porto e na Lonxa da Coruña. A accesibilidade non só beneficia ás persoas con discapacidade, senón que mellora a experiencia para todos os usuarios.

Capítulo 6

CONCLUSIÓNS E PERSPECTIVAS FUTURAS

6.1. Principais conclusións da investigación

O estudo desenvolvido no marco do proxecto ACD_MAR permite extraer unha serie de conclusións de carácter teórico, metodolóxico e aplicado que reafirman a relevancia estratéxica da accesibilidade como eixo vertebrador do turismo mariñeiro en Galicia.

En primeiro lugar, constatouse que o patrimonio mariñeiro-pesqueiro debe ser entendido como un legado vivo, susceptible de ser transmitido e utilizado, lonxe dunha concepción museificada ou estática. A súa activación a través de proxectos turísticos responsables contribúe non só á preservación material dos recursos, senón tamén á súa revitalización simbólica, ao reforzo da identidade comunitaria e á xeración de dinámicas de desenvolvemento local sostible. O patrimonio, cando se integra de forma coherente na oferta turística, gaña valor de uso sen perder valor patrimonial, converténdose nun recurso estratéxico para a cohesión social e a resiliencia económica (Caamaño e Lezcano, 2021).

En segundo lugar, comprobouse que a accesibilidade universal non pode ser considerada un elemento accesorio ou secundario, senón unha condición indispensable para avanzar cara a unha verdadeira inclusión social no turismo. O traballo realizado a través de fichas de avaliación en ámbitos como a restauración, a hostalaría, os museos ou os materiais audiovisuais puxo de manifesto tanto os progresos acadados en Galicia como as carencias

persistentes, especialmente no relativo á comunicación sensorial e cognitiva. É dicir, aínda que existen avances notables na supresión de barreiras físicas, segue a ser necesario mellorar a accesibilidade informativa, tecnolóxica e simbólica.

Unha terceira conclusión refírese ao papel das entidades de economía social e das organizacións comunitarias, que emerxen como axentes chave na dinamización do turismo accesible. A súa capacidade de conectar o tecido social coa actividade económica, incorporando principios de solidariedade, igualdade e participación, convérteas en interlocutores privilexiados para o deseño e implementación de proxectos turísticos innovadores. No caso galego, entidades como AMICOS, FUNDAMAR ou outras asociacións demostraron que é posible xerar emprendemento inclusivo que combine sustentabilidade económica con impacto social positivo.

Cómpre destacar tamén o papel do alumnado universitario e de formación profesional en turismo, que se implicou activamente a través do laboratorio ACD_MAR. O proceso de formación, asesoramento e selección de propostas permitiu non só sensibilizar a futuras xeracións de profesionais, senón tamén activar ideas innovadoras con potencial de transferencia a outros contextos. A metodoloxía participativa, que puxo en contacto estudantes, profesionais e persoas con discapacidade, favoreceu unha aprendizaxe dialéctica e interdisciplinaria que constitúe en si mesma unha boa práctica.

En cuarto lugar, o proxecto evidenciou que o emprendemento accesible no ámbito mariñeiro non só responde a unha cuestión de xustiza social, senón que representa unha oportunidade de mercado para o desenvolvemento económico local. Os exemplos documentados —rutas, musealización, adaptación de praias e recursos naturais, iniciativas náuticas inclusivas— mostran que a accesibilidade é un factor de diferenciación competitiva e de mellora da imaxe dos destinos. A diversificación de produtos turís-

ticos accesibles contribúe á desestacionalización, á captación de novos segmentos de visitantes e á consolidación de Galicia como referente internacional en turismo responsable.

Finalmente, cómpre salientar que a investigación demostrou a necesidade de articular estratexias integrais de xestión do patrimonio que vaian máis alá da mera promoción. Así, considérase que a interpretación do patrimonio, entendida como ferramenta de mediación cultural, convértese nun instrumento esencial para aproximar os recursos á sociedade, espertando emocións, xerando reflexión crítica e fomentando actitudes de respecto e coidado.

6.2. Futuras liñas de investigación

As conclusións sinaladas abren un amplo abano de liñas de investigación futura, imprescindibles para consolidar o camiño iniciado polo proxecto ACD_MAR e para contribuír ao avance científico e técnico no ámbito do turismo accesible.

Primeiramente, resulta necesario profundizar na análise comparada de casos internacionais que teñan desenvolvido experiencias exitosas de turismo mariñeiro accesible. Estudiar proxectos noutras rexións europeas (Bretaña, Normandía, Mediterráneo, Países Nórdicos...) permitiría identificar boas prácticas, transferir coñecementos e situar Galicia nunha rede internacional de innovación en accesibilidade.

Seguidamente, cómpre avanzar na avaliación sistemática do grao de accesibilidade dos recursos galegos, integrando dimensións físicas, sensoriais, comunicativas e cognitivas. A creación dun observatorio permanente de turismo accesible, en colaboración coa administración pública e cos GALP, permitiría monitorizar progresos, detectar carencias e orientar políticas públicas baseadas en evidencias.

Unha terceira liña de investigación debería centrarse na aplicación das novas tecnoloxías dixitais (realidade aumentada, realidade virtual, intelixencia artificial, sistemas de guiado adaptados) ao deseño de experiencias culturais accesibles. Estas ferramentas ofrecen un potencial enorme para superar barreiras sensoriais e cognitivas, mellorar a interpretación patrimonial e crear produtos turísticos innovadores con alto valor engadido.

Así mesmo, resulta imprescindible desenvolver estudos sobre o impacto socioeconómico do turismo accesible en comunidades costeiras, avaliando de que maneira contribúe á creación de emprego, á dinamización do emprendemento local, á igualdade de xénero e á transmisión interxeracional de coñecementos mariñeiros. Estes estudos permitirán demostrar con datos empíricos que a accesibilidade non é un custo, senón un investimento rendible en termos sociais e económicos.

Outra liña de traballo fundamental é a investigación aplicada sobre modelos de boa gobernanza participativa que integren administracións, empresas, entidades sociais e comunidades locais. A experiencia do laboratorio ACD_MAR amosa que só mediante a cooperación entre múltiples actores é posible xerar proxectos inclusivos e sostibles. A futura investigación debería sistematizar estes modelos, identificar condicións de éxito e propoñer mecanismos de transferencia a outros sectores do turismo cultural.

Finalmente, cómpre fomentar a produción científica interdisciplinaria que vincule socioloxía, economía, arquitectura, enxeñaría, educación e ciencias da saúde ao estudo da accesibilidade. Só unha mirada plural permitirá comprender na súa complexidade os desafíos e potencialidades da inclusión no turismo. Neste senso, esta publicación agarda poder contribuír neste avance.

En definitiva, a investigación aquí presentada amosa que a accesibilidade non é só unha condición técnica, senón unha maneira distinta de mirar e de habitar o mundo. O mar, que tantas veces

foi barreira, convértese agora en horizonte compartido, en espello onde recoñecérmonos como comunidade aberta, diversa e solidaria. Galicia, terra de portos e de camiños, leva no seu ADN a cultura do acollemento. O turismo accesible e inclusivo non fai senón continuar esa tradición secular, dotándoa de novos contidos e ferramentas para o século XXI.

O futuro do noso patrimonio mariñeiro e pesqueiro dependerá da capacidade que teñamos para facelo falar a todas as persoas, sen exclusión nin silencio imposto. A interpretación do patrimonio, entendida como acto de mediación cultural, permite que unha carpintería de ribeira, unha praia adaptada ou un roteiro marisqueiro se convertan en relatos colectivos, en experiencias compartidas, en sementes de conciencia crítica.

Por iso, as perspectivas futuras non deben concibirse só como liñas de investigación ou tarefas pendentes, senón como ondas sucesivas dun mesmo mar, que nos empurran cara a unha transformación máis fonda: a de entender o turismo como dereito, como espazo de encontro, como acto de xustiza e como motor de resiliencia comunitaria. Porque, como lembraba o Consello da Unión Europea en 2005, Europa non sería a Europa de hoxe sen o seu patrimonio marítimo. Galicia tampouco.

BIBLIOGRAFÍA

- Amor, A., Palmiotti, J. y López, A. (2014). *Turismo Accesible. Consideraciones para la atención de la demanda en el sector turístico*. Editado por el Defensor del Pueblo de la ciudad Autónoma de Buenos Aires (Argentina). <http://www.defensoriaturista.org.ar/archivos/turismo-accesible-consideraciones-para-la-atencion-de-la-demanda-en-el-sector-turistico.pdf>
- Alemán T. (Coord.) (2024). *Guía de Buenas Prácticas de Accesibilidad en Turismo*. CEA (Confederación de Empresarios de Andalucía). https://www.cea.es/wp-content/uploads/2024/02/Guia_Buenas_Practicas_Turismo.pdf
- APAMP (2025). <https://apamp.org/es/historia/>
- Arias Castañeda, E. (2023). Análisis del Turismo Inclusivo desde la Teoría Crítica: una mirada del caso mexicano. *Vértice universitario*, 25(94), e69. Epub 14 de agosto de 2023. <https://doi.org/10.36792/rvu.v25i94.69>
- ASPANAEX (2025). http://www.aspanaex.org/index.php?V_dir=MSC&V_mod=showart&id=47
- Baker, M. (1990). *Tourism for All: A Report of the Working Party*. (English Tourist Board, Ed.) London.
- Barrera Cerro (2024). *Turismo accesible en España: Un imperativo social para el futuro*. <https://barreracero.com/turismo-accesible-en-espana-un-imperativo-social-para-el-futuro>
- Barragán, A. (2020). 40 años de accesibilidad en turismo; un largo viaje de la obligación a la inteligencia. ASEPAU, *La Voz de los So-*

- cios. http://www.asepau.org/sites/default/files/pdf/articles/7_asepau04-abril2020_40_anos_de_accesibilidad_en_turismo.pdf
- Biblioteca Fundación ONCE. *I Plan nacional de accesibilidad 2004-2012*. <https://biblioteca.fundaciononce.es/index.php/publicaciones/otras-editoriales/i-plan-nacional-de-accesibilidad-2004-2012>
- Caamaño-Franco, I., y Lezcano, M. E. (2021). El patrimonio marítimo industrial: pasado, presente y futuro en el ámbito cultural-turístico de Galicia. In *Patrimonio marítimo: el patrimonio marítimo de los caminos del mar a Santiago*, pp. 32-38. Fundación Universidade da Coruña.
- Caamaño-Franco, I., Suárez, M. A., & Pérez-García, A. (2020). El turismo marineró como opción de desarrollo local sostenible a partir del empoderamiento femenino. *Cuadernos de turismo*, (46), 459-487. <https://doi.org/10.6018/turismo.451921>
- Campoy Cervera, I. (2005) (ed.), *Los derechos de las personas con discapacidad: perspectivas sociales, políticas, jurídicas y filosóficas*, colección Debates de la UC3M, Dykinson, Madrid
- Casado Pérez, D. (2023). Perspectiva histórica de la atención a la discapacidad en España. En *La huella del tercer sector. Acción social y formas económicas emergentes*, pp. 202-214. Publicaciones Cajamar. https://publicacionescajamar.es/wp-content/uploads/2023/10/ME_Perspectiva-historica-de-la-atencion-a-la-discapacidad-en-Espana.pdf
- COCEMFE (2024). *Cadena de accesibilidad*. <https://observatoriodela-accesibilidad.es/inicio-nuevo/infografias>
- Correa Pérez, M., Aquino Zúñiga, S.P. y De la Cruz Villegas, V. (2020). *Turismo inclusivo y accesible en Cancún Quintana Roo, México*.

Perspectivas docentes, vol. 31 (72), pp. 45-54. DOI: 1019136/pd.a31n72.3872

Costa, E. (2019). La Garriga i la interpretació del patrimoni. En *Interpretació del patrimoni. Com provocar pensaments, preguntes i significats*, 195-210. Barcelona, Rafeael Dalmau.

Decreto 35/2000, de 28 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo y ejecución de la Ley de accesibilidad y supresión de barreras en la Comunidad Autónoma de Galicia. <https://politicasocial.xunta.gal/es/conselleria/normativa/decreto-352000-de-28-de-enero-por-el-que-se-aprueba-el-reglamento-de>

Del Cura, M. (2012). Un patronato para los «anormales»: primeros pasos en la protección pública a los niños con discapacidad intelectual en España (1910-1936). *Asclepio*, 64(2), 541-564. <https://doi.org/10.3989/asclepio.2012.v64.i2.532>

EnCórdoba. *Guías Oficiales en Córdoba* (2022). <https://www.encordobate.com/blog/238-turismo-accesible-y-adaptado-a-todos>

FADEMGA (2025). *Plan Inclusión Galicia*. <https://www.fademga.org/gl-ea/federacion/historia>

Fernández Alles, T. (2009). Turismo accesible: importancia de la accesibilidad para el sector turístico, *Entelequia Revista Interdisciplinar* nº 9. pp. 211-224. https://www.researchgate.net/profile/Maria_Teresa_Alles/publication/41206114

Fuertes Dopico, Ó., Fabregat Nodar, C., Fraguela Casás, P., Garrido Manrique, I. C., Y Vázquez Lijó, J. M. (2023). *Plan da Cultura Marítima de Galicia: Horizonte 2030*. Consellería do Mar, Centro de Investigacións Mariñas. https://www.udc.es/export/sites/udc/planculturamaritima/_galeria_down/PCUMA_Documento_Marco_Anexos.pdf_2063069294.pdf

- Fundación ONCE (2019). *Accesibilidad en Espacios Naturales*. https://www.miteco.gob.es/content/dam/miteco/es/ceneam/grupos-de-trabajo-y-seminarios/red-parques-nacionales/accesibilidad-entornos-naturales-once_tcm30-497417.pdf
- Fundación ONCE – Inserta (2023). *Asistente personal en destino para viajeros con discapacidad: qué es y cómo se solicita*. <https://www.insertaempleo.es/actualidad/noticias/asistente-personal-destino-viajeros-discapacidad-que-es-y-como-se-solicita>
- Fundación ONCE – Discapnet (2025). *Avances en el turismo accesible e inclusivo*. <https://www.dicapnet.es/ocio/turismo>
- Fundación ONCE (2025). *Camino de Santiago, por un camino más accesible*. <https://caminodesantiago.fundaciononce.es/>
- Galicia10.com (2025). *Galicia para tod@s*. <http://galicia10.com/sentir-galicia/galicia-para-todos-turismo-accesible/>
- Gómez Leiras, Ana Isabel (2024). *Análisis de la imagen proyectada y percibida de los destinos turísticos accesibles en la era digital*. Tesis doctoral de la UDC. <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/37509>
- Grupo Social ONCE (2025). *¿Qué es el turismo inclusivo y accesible? Beneficios y ejemplos*. <https://gruposocialonce.com/b/turismo-inclusivo>
- Hernández-Galán, J., Muñoz de Dios, M. D., y Fuente Robles, Y. M. de la. (2015). Turismo para todas las personas en España: Fundación ONCE generando derechos. *Estudios Turísticos*, (203-204), 41–60. <https://doi.org/10.61520/et.203-2042015.166>
- Hernández-Galán, J. Coord. (2016). *Observatorio de Accesibilidad Universal del Turismo en España*. *Vía Libre*, Fundación ONCE. <https://observatorio2030.com/sites/default/files/2019-07/>

Observatorio%20de%20la%20accesibilidad%20universal%20del%20turismo%20en%20Espa%C3%B1a.pdf

Jiménez de Madariaga, C. y García del Hoyo, J. J. (2018). Enhancing of the cultural fishing heritage and the development of tourism: A case study in Isla Cristina (Spain). *Ocean & Coastal Management*, 168 pp.1-11

Ke X, Liu J. (2017) Discapacidad intelectual. En: Rey JM, editor. *Manual de Salud Mental Infantil y Adolescente de la IACAPAP*. Ginebra: Asociación Internacional de Psiquiatría del Niño y el Adolescente y Profesiones Afines. https://iacapap.org/_Resources/Per_sistent/9bb8e4d220ccfd6585053b90116d2a2345f3ef60/C.1-Discapacidad-Intelectual-SPANISH-2018.pdf

Lei 07/2011, de 27 outubro, de Turismo de Galicia. (DOGA 216) https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2011/20111111/AnuncioC3B0-041111-8318_gl.html

Ley 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidad y supresión de barreras en la Comunidad Autónoma de Galicia. (BOE-A-1997-21043). <https://www.boe.es/eli/es-ga/l/1997/08/20/8/dof/spa/xml>

Ley 27/2007, del 23 de octubre, por la que se reconocen las lenguas de signos españolas y se regulan los medios de apoyo a la comunicación oral de las personas con discapacidad auditiva y sordo ciegas. (BOE-A-2007-18476). <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-18476>

Ley 13/2008, de 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia. (BOE-A-2009-807). <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2009-807>

Ley 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación de normativa a la Convención Internacional sobre los derechos de las personas con

- discapacidad. BOE-A-2011-13241), <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2011-13241>
- Ley 10/2014, de 3 de diciembre, de accesibilidad. Galicia, España (BOE-A-2015-2604). https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2015-2604
- Ley 6/2022, de 31 de marzo, de modificación del Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social. España (BOE-A-2022-5140). <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2022-5140>
- Lindoso-Tato, E., e Vilar-Rodríguez, M. (2015). La literatura de viajes y el transporte en Galicia desde el último tercio del siglo XVIII hasta mediados del XIX. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 62(128), 207–247. <https://doi.org/10.3989/ceg.2015.128.07>
- Lobato, M. e Romañach, J. (2005). Diversidad funcional, nuevo término para la lucha por la dignidad en la diversidad del ser humano. *Foro de Vida Independiente*
- Martin Cano, M.C., Luque Serrano, E, y De la Fuente Robles, Y.M. (2018). Turismo inclusivo para todas las personas, Una apuesta por la diversidad. *Revista Electrónica de Investigación y Docencia (REID)*, pp. 81-96. Doi:10.17561/reid.m3.6
- Morales, J. (2001). *Guía práctica para la interpretación del patrimonio*. Sevilla: TRAGSA - Empresa Pública de Gestión de Programas Culturales.
- Muñoz Cordones, J.P. (2024). Revisión sistemática de iniciativas que promueven la accesibilidad universal. *Revista Española de Discapacidad*, Vol. 12 (2), pp. 185-214. <https://www.cedid.es/redis/index.php/redis/article/view/1091>

- Olavarria-Benavides, H. L., y Cordova-Buiza, F. (2023). Turismo post-Covid para personas con discapacidad: Estudio de preferencias en Perú. *Revista Venezolana De Gerencia*, 28 (Nº. Especial 9), 482-500. <https://doi.org/10.52080/rvgluz.28.e9.30>
- OMS (7 de marzo de 2023). Discapacidades. <https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/disability-and-health>.
- OMS (2001). International Classification of Functioning, Disability and Health. <https://www.who.int/classifications/international-classification-of-functioning-disability-and-health>
- OMT (2014) *Manual sobre Turismo Accesible para todos: Principios, herramientas y buenas prácticas*. Madrid. <http://www.e-unwto.org/doi/pdf/10.18111/9789284416509>
- OMT (2014b). *Recomendaciones de la OMT por un turismo accesible para todos*. Recomendaciones adoptadas por la Resolución A/RE/637(XX) de la Asamblea General de la OMT. Madrid. <https://www.sernatur.cl/wp-content/uploads/2018/07/Recomendaciones-de-la-OMT-turismo-para-todos.pdf>
- ONU (2025). *Paz, dignidad e igualdad en un planeta sano*. Carta de las Naciones Unidas de 1945. <https://www.un.org/es/about-us/un-charter>
- ONU (11 xullo 2024). Noticias ONU: *Mirada global, historias humanas*. <https://news.un.org/es/story/2024/07/1531126>
- ONU Turismo (2025). *Turismo accesible*. <https://www.unwto.org/es/turismo-accesible>
- Padilla-Muñoz, A. (2010). Discapacidad: contexto, concepto y modelos. *International Law, Revista Colombiana de Derecho Internacional*, 16, 381-414. http://www.scielo.org.co/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1692-81562010000100012

- PARES (Portal de Archivos Españoles) (2025). Patronato Nacional de Sordomudos, Ciegos y Anormales (España).<https://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/autoridad/195371#:~:text=El%20Patronato%20Nacional%20de%20Sordomudos,Madrid%20dos%20d%C3%ADas%20m%C3%A1s%20tarde>.
- Pereira, D. (2008). "Patrimonio marítimo galego: un diagnóstico actual". ADRA, pp. 25-44.
- Pérez, D.M. y González Velasco (2003). *Turismo accesible. Hacia un turismo para todos* (nº 4). Mazars Turismo, Editorial CERMI.
- Pérez-García, E. y Hernández González, A. L. (2023). Propuesta de desarrollo de turismo accesible para el destino Santa Clara. *Rotur, Revista de Ocio y Turismo*, 17(1), 20-40. <https://doi.org/10.17979/rotur.2023.17.1.9227>
- Plan de Acción de Turismo de Galicia 2010-2013. Actuación de apoio ao turismo accesible: Guía de Aloxamentos Accesibles da comunidade galega. https://transparencia.xunta.gal/documents/35297/40909/Plan_accesibilidade_turistica_Galicia.pdf?version=1.0
- PREDIF Galicia (2002). *Turismo accesible*. <https://www.predifgalicia.org/es/programas-proyectos-es/turismo-accesible-es>
- Real Decreto 1417/2006, do 1 de decembro para a resolución de queixas e reclamacións relacionadas coa discriminación das persoas con discapacidade. (BOE-A-2006-21819). <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2006-21819>
- Real Decreto 505/2007, do 20 de abril, de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións, sendo así complementario da Lei LIONDAU. (BOE-

A-2007-9607). <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2007-9607>

[Real Decreto Legislativo 1/2013](#), de 29 de noviembre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley General de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social. (BOE-A-2013-12632). <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2013-12632>

[Real Decreto 193/2023](#), de 21 de marzo, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos bens e servizos a disposición do público. (BOE-A-2023). <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2023-7417>

[Real Patronato de Prevención y de Atención a Personas con Minusvalías \(1999\) Manual Curso de Turismo Accesible](#). Madrid.

[Real Patronato sobre Discapacidad – Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030 \(2025\)](#). Normativa. <https://www.rpdiscapacidad.gob.es/discapacidad-derechos-humanos/normativa-sobre-discapacidad.htm>

[Real Patronato sobre Discapacidad – Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2023 \(2025\)](#). Servicio de Estudios y Publicaciones. <https://www.rpdiscapacidad.gob.es/rpd/estudios-publicaciones.htm>

Rodríguez Díaz, S. e Ferreira, M. A. V. (2010). Desde la Discapacidad hacia la Diversidad Funcional. Un ejercicio de Dis-Normalización (Vol. 68). *Revista Internacional de Sociología (RIS)*. doi:10.3989/ris.2008.05.22

Rodríguez-Porrero, C. (2016). *Historia de la accesibilidad en España*. 25 aniversario CEAPAT (1989-2014).

- Seguitur (2022). *Guia de buenas prácticas de accesibilidad para Destinos Turísticos*. <https://turismoribagorza.org/images/PSTD/ACCESIBILIDAD/Guia-de-buenas-practicas-en-accesibilidad-para-DTI-ACCESIBLEok.pdf>
- Scheyvens, R., y Biddulph, R. (2018). Inclusive tourism development. *Tourism Geographies*, 20(4), 589-609. <https://doi.org/10.1080/14616688.2017.1381985>
- Soret, P. y Barragán, A. (2015). Turismo accesible y legislación. *Estudios Turísticos*. 203-204 (1º y 2º T), pp.75-85. Sudirección General de Estudios Turísticos. Instituto de Turismo de España, Secretaría de Estado de Turismo. <https://estudiosuristicos.tourspain.es/index.php/ET/article/view/161/160>
- Sosa Queral, E. (24 marzo 2024). *Turismo accesible, cronología y evolución. Entorno Turístico, hablemos de turismo*. <https://www.entornoturistico.com/turismo-accesible-cronologia-y-evolucion/>
- TUR4all Travel (2025). *Turismo con propósito*. <https://www.tur4all-travel.com/turismo-proposito/>. <https://www.tur4all.com/news/el-turismo-inclusivo-llega-a-la-espana-rural-experiencias-accesibles-para-todos-los-viajeros>
- Turismo de España. Sostenibilidad (2025). *España, destino accesible para personas con discapacidad*. <https://sustainability.spain.info/es/descubrir-espana/turismo-accesible/>
- Xunta de Galicia (2012) *Aloxamentos Accesibles*. Xunta de Galicia. http://www.turismo.gal/docs/mdaw/mte5/~edisp/turga119626.pdf?langId=es_ES
- Xunta de Galicia (2013), *Pequeña guía de la Galicia Accesible*. <https://voluntariadodixital.xunta.gal/es/nova/1251/peque%C3%B1a-gu%C3%ADa-de-la-galicia-accesible>

- Xunta de Galicia. (2015). *Guía del Camino de Santiago Accesible*. https://www.turismo.gal/osdam/filestore/1/8/2/4/8_a1f20f351ec8c26/18248_b7ed679cc34c9fb.pdf
- Xunta de Galicia. (2016). *Plan de Accesibilidad Turística de Galicia y del Camino de Santiago*. https://www.turismo.gal/osdam/filestore/1/8/2/3/8_ed3d477bae51170/18238_673415c0d61364c.pdf
- Xunta de Galicia-Clúster de Galicia (2020). *Plan Director 2021-2023. Galicia como destino seguro*. https://www.turismo.gal/osdam/filestore/6/9/2/0/0_a18d7bccbeb984a/69200_0c85d8c4133cc9b.pdf
- Xunta de Galicia. (2021). *Guía de buenas prácticas de accesibilidad para el sector turístico de Galicia*. https://www.turismo.gal/osdam/filestore/1/8/2/3/5_bbc1b60f9e9ff00/18235_da24e23462da359.pdf
- Xunta de Galicia (8 de mayo de 2024). *A Xunta destina 204.000 euros a seis proyectos de accesibilidad y mejora de los recursos turísticos de O Vicedo*. <https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/001513/xunta-destina-204-000-euros-seis-proyectos-accesibilidad-mejora-los-recursos>
- Xunta de Galicia, *Discapacidade, Asociacinismo* (2025). <https://politicasocial.xunta.gal/es/areas/discapacidad/asociacionismo>
- Vázquez, D. (24 enero, 2024). *Pai Menni, ejemplo en la atención a la discapacidad durante un siglo. La Voz de Galicia*. <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/sociedad/2024/01/23/pai-menni-ejemplo-atencion-discapacidad-durante-siglo/00031706030912770142839.htm>

ANEXOS

Anexo I. Ficha de avaliación de recurso ACD_MAR

<h3>FICHA ENTIDADE</h3> <p>NOME: ENDEREZO:</p>	 <p>ACDMAR <small>LABORATORIO INCLUIDO DO PATRIMONIO CULTURAL MATERIOAL PESQUEIRO</small></p>
<h4>DETALLES DAS INSTALACIÓNS</h4> <p>UBICACIÓN: VIAS DE ACCESO: SINALIZACIÓN: SI / NO APARCADOIRO: SI / NO PLAZAS PARA PERSONAS CON DIVERSIDAD FUNCIONAL FISICA SI / NO ASEOS PARA VISITAS: SI / NO ADAPTADOS SI/NO SALA DE ESPERA: SI / NO TENDA: SI / NO SINALÉTICA INTERNA: SI / NO</p>	
<h4>DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE</h4> <p>.....</p>	
<h4>ACTIVIDADE</h4> <p>DURACIÓN: 20min / 30min / 45min / 1h / 1h30 / 2h CALENDARIO DE VISITAS: TODOS OS MESES SI / NON (ESPECIFICAR:) DÍAS: TODOS OS DÍAS / LABORAIS / FINS DE SEMANA / VISITAS PUNTUAIS VISITA EN OUTROS IDIOMAS: SI / NON (ESPECIFICAR:) PROXECCIÓN AUDIOVISUAL DIVULGATIVO: SI / NON ENTREGA DE MATERIAL: SI / NON CAPACIDADE (nº de participantes por grupo):..... TIPO DE PÚBLICO: FAMILIAS / ESTUDANTES / EMPRESAS / PROFESIONAIS RESTRICCIÓN DE IDADE: SI / NON VISITA ADAPTADA: SI / NON POSIBILIDADE DE VISITA PARA MENORES ACOMPAÑADOS: SI / NON EQUIPAMENTO OBLIGATORIO: SI / NON RESTRICCIÓN DE FOTOS: SI / NON</p>	

AVALIACIÓN

NOME DA ENTIDADE:

DATA:





ACDMAR


LABORATORIO INCLUSIVE DO
PATRIMÓNIO CULTURAL MARÍTIMO PESQUEIRO

DISPÓN DE FACILIDADES PARA:




  MOBILIDADE REDUCIDA	SI	NON	N/A
Aceso sen desnivel			
Despacho de billetes con dúas alturas ou altura adecuada			
Mostrador recepción ou información con dúas alturas ou altura adecuada			
Entrada alternativa para usuarios de cadeira de rodas			
Ascensor con dimensións adecuadas para usuarios de cadeira de rodas			
Plataformas elevadoras e/o ramplas para salvar os diferentes desniveles			
Aseo adaptado en zonas comúns			
Lavabo con espazo de aproximación			
Restaurante / cafetería accesible			
Altura dos expositores adecuada para usuarios de cadeira de rodas			
Transporte adaptado			

 DISCAPACIDADE VISUAL	SI	NON	N/A
Ascensor con facilidades para cegos e persoas con discapacidade visuais			
Iluminación natural e artificial correcta			
Guías e información en braille			
Emprego de macrocaracteres			
Sistema de alarma sonora			
Dispoñibilidade de audio-guías			
Maquetas ou reproducións de pezas			
Visitas guiadas programadas para cegos e persoas con discapacidade visual			

 DISCAPACIDADE AUDITIVA	SI	NON	N/A
Ascensor con facilidades para xordos ou persoas con discapacidade auditivos			
Correcta sinalización escrita e gráfica			
Bucle de indución magnética			
Signo-guías			
Visitas guiadas programadas para xordos e persoas con discapacidade auditiva			


Anexo II. Ficha de avaliación detallada da accesibilidade


AVALIACIÓN DA ACCESIBILIDADE**NOME DA ENTIDADE:****DATA:****ACDMAR**LABORATORIO INCLUIDO
PATRIMONIO CULTURAL PATRISTORISQUEIRO

 CONTORNA	SI	NON	N/A
A beirarrúa ten un ancho mínimo de 1,50 m.?			
A beirarrúa é plana? ¿O pavimento é antiesvarante e sen resaltos?			
Os elementos que teñan partes voadas son por encima dos 2 m.?			
Os bordillos teñen unha altura máxima de 14 cm.?			
Se hai pasos de peatóns, vados, o calquer outro elemento similar, o bordillo está rebaixado e hai un cambio de material que contraste para dar aviso?			
Hai aviso luminoso e acústico nos semáforos máis próximos?			

AVALIACIÓN DA ACCESIBILIDADE




 APARCAMENTO	SI	NON	N/A
A zona para aparcarse está preto do acceso da entrada?			
Cómo é o acceso ao recurso dende o aparcamento? ¿Hai ascensor, escaleiras, rampla?			
Teñen estacionamento propio adecuado?			
Existen prazas reservadas para persoas con discapacidade?			
Están sinalizadas correctamente?			
As dimensións das prazas son de 3,70 m. ou 2,40 m. con espazo compartido?			

 TRANSPORTE PÚBLICO AO RECURSO	SI	NON	N/A
Hai persoal que poida informarnos correctamente do transporte accesible?			
Hai información específica para persoas con discapacidade?			
As zonas están correctamente sinalizadas?			
Hai dispoñible Eurotaxi?			
O autobús ten información visual e sonora?			
A parada de autobús é accesible? (unión de acceso ao autobús)			
Hai un cambio de pavimento que marque o final da beirarrúa?			


AVALIACIÓN DA ACCESIBILIDADE




 ACCESO	SI	NON	N/A
A entrada é digna e está sinalizada?			
A entrada encontrase ao mesmo nivel?			
Pódese entrar mediante rampla cunha pendente máxima do 10% e antiesvarante?			
Existen escaleiras para entrar?			
Aos dous lados da escaleira existe algún zócalo que limite (protexa)?			
As escaleiras contan cun pasamáns para poder apoiarse?			
As escaleiras teñen un ancho mínimo de 1,20 m. para que poidan subir e baixar á vez 2 persoas?			
Cada escaleira ten unha franxa de outra textura para saber ónde remata?			
O número máximo de escaleiras continuas non supera as 10?			
Hai algunha plataforma elevadora?			
Pódese acceder por ascensor?			
A porta é visible ou con algunha sinalización visual?			
As portas son corredizas automáticas?			
O ancho do paso da porta ten máis de 80 cm.?			

AVALIACIÓN DA ACCESIBILIDADE




 RECEPCIÓN	SI	NON	N/A
Está ao mesmo nivel da entrada?			
O paso entre mobiliario é fácil para chegar á mesma?			
Existe un paso de xiro de 1,50 m.?			
O mostrador ten dúas alturas?			
As alturas están entre 1,07 m. – 1,14 m. e entre 76 cm. e 86 cm.?			
Existe unha área para poder sentarse na zona do mostrador se temos que esperar?			

 PERSOAL	SI	NON	N/A
Alguén ten formación sobre accesibilidade ou atención a persoas discapacitadas?			
Ofrécese formación destas características dende a empresa?			
Alguén ten coñecementos de LSE?			
O persoal conta cunha "tablilla" para persoas sordocegas?			
O persoal ten coñecemento de varios idiomas?			
Algunha boa práctica aplicable para estes clientes?			


AVALIACIÓN DA ACCESIBILIDADE



 SINALIZACIÓN	SI	NON	N/A
Existe sinalización para todos os servizos e espazos existentes do hotel?			
O contido do que informan é real e correcto?			
Empléanse símbolos internacionais, comprensibles para todos?			
A información está en altorrelevo ou braille?			
As cores empregadas son contrastadas e sinxelas para leer?			
A fonte empregada para as letras é clara?			
As letras teñen un tamaño suficientemente grande?			
Está colocada nun lugar adecuado e visible para todos?			


AVALIACIÓN DA ACCESIBILIDADE



 ASCENSOR	SI	NON	N/A
Cántos ascensores hai dispoñibles?			
As portas teñen unha cor que contraste, diferente a das paredes, para encontrarlas?			
Teñen unha franxa de pavimento diante que indique a súa localización?			
Teñen un espazo libre de máis de 80 cm.?			
As portas son automáticas e corredeiras? Teñen aviso sonoro?			
Hai pasamáns dentro da cabina? Con altura de 90 cm.?			
Os botóns de chamada están en braille e/ou en relevo?			
Existe sinalización da pranta na que nos atopamos? Visual e sonora?			
Hai un botón de emerxencias con testigo luminoso?			

AVALIACIÓN DA ACCESIBILIDADE




 ZONAS COMÚNS	SI	NON	N/A
O acceso é sinxelo a todas as zonas?			
Teñen un deseño sinxelo e un mobiliario adecuado?			
Teñen un mobiliario ubicado para unha boa mobilidade?			
Posúen un aseo reservado para usuarios en cadeira de rodas?			
O percorrido ao aseo é accesible e sen obstáculos?			
Considera que o lavabo está a unha altura adecuada? E o inodoro?			
Os aseos contan con sistema de peche visual (para saber se están ocupados)?			
Está sinalizado o comedor, os aseos, etc. de forma adecuada?			

Anexo III. Ficha de avaliación de materiais (web, vídeo, folletos)


AVALIACIÓN ACESIBILIDADE NAS WEBS



 ACESIBILIDADE NAS WEBS	Descrición
Navegabilidade (Páxina de inicio; outras páxinas; pestanas; disposición dos elementos; patrón de búsqueda; links internos; servizo de búsqueda)	
Interactividade (Páxina de inicio; outras páxinas; pestanas; Disposición dos elementos; patrón de búsqueda; links internos; servizo de búsqueda)	
Lexibilidade Tamaño da letra; interlineado; espazos en branco; scroll vertical; lectura e descarga de PDFs)	
Contido texto	
Contido imaxes	
Redes Sociais (Tipos de redes; Interactividade; Visibilidade; Contido (número de post; tipo de información publicada; seguidores; número medio de "me gusta"; repostas; reaccións de compromiso ou lealtade))	
Accesibilidade (Normas WAI (Web Accessibility International); barreiras dixitais detectadas na tipografía e na cor; audios; ampliación das imaxes; tamaño da letra, ausencia de audios ou de apoio de texto ou en lingua de signos nos audiovisuais (poden supoñer unha barreira sensorial). Barreiras cognitivas (uso adecuado da linguaxe e da organización da información e os contidos); idiomas ofertados.)	


AVALIACIÓN CONTIDO PARA AUDIOVISUAL



 CONTIDO PARA AUDIOVISUAL	Descrición
<p>Duración</p> <p>En tempo</p>	
<p>Tipoloxía de audiovisual</p> <p>De animación; real; ficción;</p>	
<p>Elementos de inicio e peche, así como elementos intermedios que se repiten</p> <p>Determinar cales son os elementos que se identifican como línea de identidade significativa do vídeo</p>	
<p>Elemento estrutural de narración</p> <p>Música; voz en off; combinación de imaxes; personaxes presentes; accións</p>	
<p>Recursos narrativos</p> <p>Presencia de texto; relator apoiando imaxes</p>	
<p>Planos</p> <p>Primeiros ou segundos planos, imaxes aéreas</p>	
<p>Accesibilidade</p> <p>Apoio de texto ou de lingua de signos de apoio ao vídeo</p>	
<p>Outras variables que se poidan engadir</p>	

AVALIACIÓN CONTIDO PARA MATERIAL IMPRESO PROMOCIONAL



 CONTIDO PARA MATERIAL IMPRESO PROMOCIONAL	Descrición
Formato Manexabilidade; orixinalidade; deseño; calidade do papel ou soporte	
Contido de texto e Accesibilidade Saturación do texto/saturación da imaxe; armonía; lexibilidade do texto (tamaño; interlineado; contraste da cor), comprensión e interpretación do texto...	
Contido da imaxe Calidade das ilustracións ou imaxes; trama da cor; adecuación das imaxes co texto; vivencia das imaxes	
Información Obxectivo do mesmo; idiomas; erratas ou faltas de ortografía; público obxectivo; Información apropiada; publicidade enganosa	
Outras variables que se poidan engadir	

AVALIACIÓN PARA RESTAURACIÓN



 RESTAURACIÓN	SI	NON	N/A
A entrada está ao mesmo nivel?			
Se hai escaleiras na entrada, conta con opción de rampla adecuada?			
Hai pasamáns nas zonas con escaleiras?			
As portas son adecuadas para poder abrilas e visualizalas?			
A altura das mesas permite sentarse a todo o mundo de forma cómoda?			
Existen asentos adecuados para a altura da barra, si se emprega?			
O itinerario é accesible dentro do salón (obstáculos, alfombras, etc.)?			
O percorrido ao aseo é accesible?			
Conta cun aseo reservado para persoas discapacitadas?			
As portas do aseo teñen peche visual?			
Hai sinalización para a zona de restaurante-comedor, aseos e resto de servizos? É adecuada?			

Anexo IV. Ficha de avaliación de restauración e hostalaría

AVALIACIÓN PARA RESTAURACIÓN



 MENÚ E CARTA	SI	NON	N/A
Hai menús para celiacos, diabéticos e outro tipo de restricións médicas?			
Hai un menú ou pratos especiais para vexetarianos, veganos e/ou outro tipo de opcións?			
Existe información clara sobre alérxenos?			
Teñen carta física ou dixital?			
Teñen carta en varios idiomas?			
A letra da carta ten un tamaño grande e adecuado?			
A cor da letra da carta está en contraste co fondo?			
Os textos están ou non xustificadas nas súas marxes?			
Hai predisposición do persoal a enumerar en voz alta os servizos se fose necesario?			
Teñen unha opción de carta en braille ou en relevo?			


AVALIACIÓN PARA HOSTALERIA



 HABITACIÓN ADAPTADA	SI	NON	N/A
Hai habitacións adaptadas?			
A tarxeta de acceso á habitación ten marcado dereito e revés?			
A porta abre cara adentro?			
Teñen un acceso de máis de 80 cm. de ancho?			
Ábrese a porta de forma sinxela?			
O espazo interior ten 1,50 m. de diámetro?			
O número da porta está en relevo?			
Hai unha boa iluminación?			
Existe un aviso visual na porta, teléfono ou despertador?			
Pódese acceder á cama por ámbolos dous lados?			
A altura da cama acercase aos 0,50 m.?			
Hai enchufes e interruptores alcanzables dende a cama?			
O armario ten portas corredeiras?			
As barras do armario están a menos de 1,30 m. de altura, ou poden estalo?			
A ventá, cortinas, persianas, pódense abrir cunha soa mán?			

AVALIACIÓN PARA HOSTALERIA



 HABITACIÓN ADAPTADA	SI	NON	N/A
Non hai ningún elemento voado dentro da habitación?			
O plano de evacuación ou outras sinalizacións importantes nunha emerxencia están en altorrelieve ou braille?			

 BAÑO NA HABITACIÓN ADAPTADA	SI	NON	N/A
Ten un espazo libre de paseo adecuado para unha cadeira de rodas?			
A apertura da porta é correcta e cómoda?			
Existe suficiente espazo interior para moverse?			
O lavabo está a unha altura correcta, suspendido na parede con espazo inferior?			
O grifo ten un manexo sinxelo?			
O inodoro ten unha altura correcta?			
Existe un espazo lateral de transferencia ao inodoro?			
Hai barras para o apoio abatibles ou fixas?			
A ducha/bañeira está a ras do chan?			
A ducha/bañeira é antiesvarante?			
A ducha/bañeira ten barra?			
A alcachofa, teléfono ou mandos están a unha altura adecuada e son sinxelos de empregar?			

Anexo V. Ficha de proposta de laboratorio

Propostas Innovadoras



DATOS DA PROPOSTA	
Nome	
A que actividade vai dirixida	
Promotor/a / Promotores. Indicar se é unha persoa individual, un grupo reducido de persoas, a combinación de varias aulas, etc.	
DATOS DE CONTACTO	
Nome e apelidos do/a titor/a	
Teléfono	
Correo Electrónico	
Ciclo/s de Formación de F.P. / Grao participante/s no proxecto	
DATOS DO ALUMNADO. Indicar nome e apelidos do alumnado participante	



	DESCRICIÓN DA IDEA
<p>¿Que proposta de mellora ou servizo vai a ofrecer? ¿Que problemas e retos resolve? ¿En que aspectos a proposta é innovadora? <i>Máx 500 palabras</i></p>	
	RETOS/OBXECTIVOS
<p>Descrición dos retos fronte aos que actúa o proxecto e os seus obxectivos. <i>Máx. 200 palabras</i></p>	
	BENEFICIARIOS
<p>Identificación dos posibles beneficiarios da proposta de innovación. <i>Máx. 200 palabras</i></p>	



CANLES DE COMUNICACIÓN COS BENEFICIARIOS

Como chegará o produto aos seus beneficiarios? A través de que canles? *Máx. 200 palabras*



PROCESO PARA A POSTA EN MARCHA

A. COLABORADORES CLAVE

Quen serán os principais colaboradores clave? Con que outras entidades se establecerán alianzas? Que redes serán útiles para implementar as melloras. *Máx. 200 palabras*



B. ACTIVIDADES CLAVE

Que actividades require a posta en marcha da proposta? Existen actividades que teñen que ser externalizadas? *Máx. 500 palabras*

C. RECURSOS CLAVE

Recursos humanos e materiais necesarios. Capacidades especiais necesarias. *Máx. 200 palabras*



D. COSTES PREVISTOS

Costes principais, recursos máis custosos, coste de subcontratacións, canais de distribución, etc. *Máx. 200 palabras.*

E. MOTIVACIÓNS DO EQUIPO PROMOTOR PARA EMPRENDER A IDEA.

Xustificación da necesidade e motivación. *Máx. 250 palabras*

Anexo VI. Bases de participación



LABORATORIO PARA O FOMENTO DA ACCESIBILIDADE E INCLUSIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE
NA PROMOCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL MARÍTIMO PESQUEIRO

PRESENTACIÓN

Entidade organizadora:

FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y MARISQUEO - FUNDAMAR

AMICOS

UNIVERSIDADE DE A CORUÑA

Dirixido a:

Poderá participar o alumnado e profesorado de todos os centros nos que se imparta formación en turismo.

Contido:

O obxectivo é crear solucións de accesibilidade para entidades de economía social que ofertan servizos culturais relacionados co patrimonio material e inmaterial do sector marítimo pesqueiro para capacitar a estas experiencias co necesario para chegar a tódalas persoas, independentemente das súas capacidades físicas ou cognitivas

Con isto se axuda a impulsar a consecución dos principios e valores da economía social, así coma a promoción do seu desenvolvemento económico, mellorando a súa competitividade e contribuíndo a unha sociedade máis xusta e equitativa.

Obxectivos:

- Promover o emprendemento en economía social entre o alumnado menor de 30 anos e as mulleres no ámbito do turismo e a cultura, coa finalidade fomentar a autonomía, a superación e o desenvolvemento de habilidades nestes grupos, así como afrontar os retos e desafíos dun sector moi feminizado no que existen aínda estereotipos de xénero.
- Sensibilización e concienciación: Fomentar a comprensión e a empatía cara ás necesidades e experiencias das persoas con discapacidade entre os profesionais do turismo.
- Deseño universal: Ensinar os principios do deseño universal na planificación de servizos de promoción do patrimonio cultural, garantindo que sexan accesibles desde o principio para todas as persoas participantes.
- Adaptación de infraestruturas e servizos: Brindar as solucións necesarias para adaptar a oferta de servizos de promoción do patrimonio cultural de maneira que sexan accesibles para persoas con discapacidade.



- **Comunicación inclusiva:** Capacitar na comunicación efectiva con persoas con discapacidade, incluíndo o uso de linguaxe clara, recursos visuais e tecnoloxía de asistencia.
- **Asistencia e apoio:** Ensinar como proporcionar asistencia e apoio adecuados a persoas con discapacidade, respectando a súa autonomía e dignidade.
- **Atención personalizada:** Aprender a adaptar as experiencias culturais ás necesidades individuais de cada persoa con discapacidade, recoñecendo que cada persoa é única.
- **Avaliación e mellora continua:** Ensinar a importancia de avaliar constantemente a accesibilidade e a satisfacción dos visitantes con discapacidade, e facer melloras en función dos comentarios e observacións.
- **Marketing inclusivo:** Incorporar nas estratexias de marketing a existencia de oferta de servizos accesibles, para máis perfís de público.
- **Beneficios sociais e económicos:** Resaltar os beneficios tanto sociais como económicos de ofrecer servizos accesibles, como a expansión de posibles clientes e a promoción da igualdade de oportunidades.



BASES

1. PARTICIPANTES E CONTIDO

Poderán participar o alumnado e profesorado de todos os centros que impartan formación en turismo.

Permitirase a participación individual ou en grupo, considerándose válida a unión de varios centros para a presentación dunha solución conxunta.

As persoas participantes que resulten gañadoras comprométese a presentación das ideas premiadas aínda que o evento se celebre cando xa remataron os seus estudos.

2. PRESENTACIÓN

As propostas enviaranse segundo o [ANEXO I](#) das presentes BASES e xunto coas mesmas, poderase aportar en formato libre (Presentación PPT, vídeo, imaxes, etc.) todo tipo de información de interese do proxecto plantexado. Ademais, presentarase unha declaración responsable na que se manifieste que o proxecto é orixinal, inédito e non premiado con anterioridade en ningún outro concurso ou certame [Descargar declaración](#).

3. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

As propostas enviaranse por correo electrónico a FUNDAMAR:

Correo electrónico:
proyectos@fundamar.org

O prazo de presentación de propostas finalizará o 10 de abril de 2025

As propostas clasificaranse segundo sexan «válidas» ou «non válidas», requirindo a súa

subsananación nun prazo non superior a 20 días hábiles, tras o que se enviarán para revisión e cualificación ao Comité Avaliador. Todas as comunicacións relacionadas co proxecto se publicarán na web de FUNDAMAR no [apartado do proxecto ACD MAR](#).

4. PREMIOS

O COMITÉ seleccionará 3 ideas gañadoras e o premio para elas consistirá na implementación das solucións de accesibilidade deseñadas e a súa presentación no CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIOLOXÍA E ANTROPOLOXÍA DO TURISMO (SOCANTUR).

5. COMITÉ AVALIADOR

O Comité estará formado por persoas do ámbito da economía social, a promoción do patrimonio marítimo pesqueiro e a accesibilidade.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O veredicto farase público na Xornada de presentación de resultados, previsiblemente no mes de xuño de 2025. O Comité valorará os traballos presentados tendo en conta os seguintes criterios:

- O grado de accesibilidade que a proposta aporta aos servizos turísticos de ocio ou culturais vencellados ao patrimonio marítimo. Valoraranse especialmente aqueles proxectos que incorporen elementos innovadores.
- Xerar impacto no seu ámbito de actuación: sexa a nivel social, económico ou medioambiental.



- A idea é factible e funcional para a consecución dos obxectivos plantexados.
- A súa implementación favorece a sostibilidade das iniciativas axudando a garantir o equilibrio entre crecemento económico e aspectos sociais e medioambientais.
- Que a proposta defina claramente o público obxectivo para o que a accesibilidade vai dirixida así como os resultados previstos e como medir a súa consecución.

7. PUNTUACIÓNS

CONCEPTO	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Grado de accesibilidade	30 puntos
Impacto	10 puntos
Funcionalidade	10 puntos
Sostibilidade	15 puntos
Número de público obxectivo ao que está dirixido	15 puntos
Definición dos resultados	15 puntos
Outros aspectos non contemplados e que poden resultar valorables positivamente	5 puntos
TOTAL	100 puntos

8. PROPIEDAD DOS TRABALLOS E CONFIDENCIALIDADE

Garántese a máxima confidencialidade do contido das solicitudes de participación presentadas para participar no proxecto.

As persoas participantes/grupos participantes serán titulares exclusivos de todos os dereitos de propiedade intelectual e industrial vinculados coas súas respectivas propostas. As persoas participantes garanten e responsabilízanse de que as iniciativas presentadas, non infrinxen dereitos de terceiros, en

particular os de propiedade intelectual ou industrial, nin os dereitos á propia imaxe ou as leis en vigor, mantendo completamente indemne e asumindo, no seu caso, calquera dano e prexuízo que o incumprimento desta obrigación poida comportar para a organización do proxecto e as entidades impulsoras e financiadoras.

9. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

De conformidade co que dispón a lexislación vixente en materia de protección de datos, comunicámoslle que FUNDAMAR tratará os datos achegados coa finalidade de xestionar e tramitar as solicitudes de participación no proxecto.

A base de lexitimación deste tratamento baséase no cumprimento dunha misión realizada en interese e no consentimento expresado na súa solicitude de participación nela.

No marco dos tratamentos mencionados, os seus datos non poderán ser cedidos, salvo obrigación legal. Informámoslle de que pode exercer os seus dereitos en relación co tratamento dos datos persoais de acceso, rectificación e supresión, entre outros, mediante solicitude dirixida a FUNDAMAR a través do correo electrónico fundamar@fundamar.org.

10. DIFUSIÓN

A organización resérvase o dereito de difusión das ideas participantes na súa páxina web e perfís en redes sociais na súa mínima extensión e respectando os datos confidenciais das mesmas.

Todas as persoas participantes aceptan o uso para difusión das fotografías tomadas durante o proxecto.



11. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no proxecto supón a aceptación total das súas bases e a decisión do Comité.

A participación neste concurso supón o coñecemento, aceptación e conformidade co presente documento cuxa interpretación corresponde ao comité, e implica a íntegra aceptación das mesmas. A organización resérvase o dereito para cancelar, modificar, ou suspender as actividades previstas no marco do proxecto, e a modificar estas bases ou engadir anexos sucesivos sobre a súa mecánica, se así o considerase adecuado ou convinte, para un funcionamento máis correcto e eficiente do mesmo, nese caso, bastará coa súa difusión, tan pronto como se produza tal modificación, a través da páxina web de FUNDAMAR.

MÁIS INFORMACIÓN

Correo electrónico: proyectos@fundamar.org

Teléfono: 986 433 844 Ext. 8





ACDMAR

LABORATORIO INCLUSIVO DO
PATRIMONIO CULTURAL MARÍTIMO PESQUEIRO

O proxecto **ACD_MAR**, é unha iniciativa posta en marcha por FUNDAMAR, AMICOS e a Universidade da Coruña, co obxectivo de fomentar a promoción dunha cultura accesible e inclusiva, na que se involucren activamente os e as futuras profesionais do sector turístico, o sector pesqueiro e marítimo, e as persoas con discapacidade. Esta obra recolle os resultados e aprendizaxes xeradas no marco do proxecto, que entende o patrimonio marítimo-pesqueiro como espazo de experimentación colaborativa destinado a fortalecer un modelo sostible, inclusivo e socialmente innovador, comprometido coa accesibilidade universal.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para o fomento do cooperativismo e a economía social.